O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **moción** para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 20 de xuño de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia (doc. núm. 31575).

## Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a acadar un acordo, no menor tempo posible, coas Organizacións Sindicais en materia de condicións de traballo e funcións das escalas de axentes forestais e medioambientais e de mellora organizativa e operativa das brigadas de defensa contra incendios forestais, para o período 2018-2020, que recolla polo menos os seguintes aspectos:

1.- Réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos, con especial atención á redución dos horarios de traballo ata igualalo ao resto do persoal da Xunta de Galicia, de xeito que permitan a conciliación da vida laboral, á compensación por gardas e ás axudas de custo por xornadas de traballo de 12 horas.

2.- Mellora do complemento específico, tomando como referencia as correspondentes escalas dos servizos de gardacostas.

3.- Segunda actividade, saúde laboral e programas de igualdade e conciliación.

4.- Réxime de uniformidade, armamento e medios de traballo.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

5.- Realización dun regulamento de funcións xerais e específicas da Escala de axentes técnicos en xestión medioambiental, en materia forestal, de prevención, extinción e investigación de incendios e de conservación da natureza, biodiversidade e calidade ambiental.



6.- Modificación das relacións de postos de traballo para a inclusión da Escala de axentes técnicos en xestión medioambiental adscrita ao grupo B e a dotación nos Distritos forestais de postos específicos para investigación de incendios forestais.

7.- A creación das 30 prazas de nova creación comprometidas.

8.- Estrutura de carreira administrativa e promoción profesional.

9.- O aumento progresivo do período de actividade do actual persoal do SPDCIF de carácter fixo descontinuo, así como a necesaria creación de prazas anunciadas nas mesas de negociación.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/2018 13:05:09**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/06/2018 13:05:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 13:19
Nº Rexistro: 32740
Data envío: 22/06/2018 13:19:20.919

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 19 e 20 de xuño de 2018, sobre a planificación do Goberno galego en materia de atención ás persoas con infarto agudo de miocardio (10/INT-000982, documento número 29887)

## Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Implantar o servizo de hemodinámica 24h no Hospital Universitario Lucus Augusti, durante o ano 2018.
2. Implantar o servizo de hemodinámica 24h no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, durante o ano 2018.
3. Dotar dunha ambulancia medicalizada ao distrito sanitario de O Salnés, durante o ano 2018.
4. Realizar un estudo sobre o transporte sanitario aos afectados por infarto agudo de miocardio, que determine as distintas posibilidades de traslado aos posibles hospitais e determine a mellor opción para os pacientes en función do distrito sanitario ao que pertenzan. Este estudo será exposto publicamente a través da comisión 5ª do Parlamento de Galicia, durante o ano 2018.
5. Remitir aos grupos políticos do Parlamento de Galicia un informe actualizado cada 6 meses dos datos estatísticos do Regaliam que permitan facer unha análise o máis completa posible da situación e da evolución da atención ao IAM.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 13:19
Nº Rexistro: 32740
Data envío: 22/06/2018 13:19:20.919

Grupo Parlamentario

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 22/06/2018 13:18:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/2018 13:18:52**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32745
Data envío: 22/06/2018 14:02:13.982

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción para a substanciación da Interpelación 10/INT-001040 (31237),** sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo.

**MOCIÓN**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Retirar os expedientes disciplinarios iniciados contra as auxiliares de enfermería do Novo Hospital de Vigo polo conflito da roupa sucia.
- Negociar coa Xunta de Persoal do Novo Hospital de Vigo ás demandas e necesidades das traballadoras e traballadores.
- Remitir nun prazo non superior  a un mes, os informes da Comisión Mixta de seguimento en relación á execución ordinaria da prestación de servizos por parte da concesionaria do Novo Hospital de Vigo.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 22/06/2018 13:59:07**

**Luis Villares Naveira na data 22/06/2018 13:59:16**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887
Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

**Xustificación da urxencia:**

A urxencia xustifícase pola finalización dos traballos da Comisión encargada de realizar, a petición do Parlamento de Galicia e por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, un estudo xurídico para analizar a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitisen incorporar ao Patrimonio Público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás; ditame que foi remitido á Cámara o día 26 de xuño; e que ten suscitado numerosas peticións de rápida resposta por parte da Cámara lexislativa autonómica.

**Exposición de motivos:**

O Parlamento de Galicia, na súa sesión plenaria dos días 26 e 27 de setembro de 2017, aprobou, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, unha Proposición non de Lei pola que se instaba a Xunta de Galicia "a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas Universidades galegas, para analizar a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitisen incorporar ao Patrimonio Público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado Español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938".

Dita proposta xustificábase, en primeiro lugar, nos traballos de investigación histórica que demostraron documentalmente ao longo do tempo, e con particular intensidade nos últimos anos, que a versión dada polas autoridades franquistas durante a guerra civil e os posteriores 40 anos, a versión de que fora unha "ofrenda-donación" voluntariamente realizada polos galegos a quen en 1938 xa se proclamara Xefe do Estado á marxe da legalidade vixente, era unha versión falsa.

En segundo lugar, pola preocupación social que provocou, nos últimos tempos, o uso que os herdeiros do Ditador lle veñen dando ás Torres de Meirás (mesmo infrinxindo as

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

obrigas legais que lle corresponden aos propietarios de bens declarados de interese cultural, feito polo que xa foron sancionados); que anunciaron que lle pretendían dar no futuro (como espazo para "mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco", obxectivo contraditorio co marco legal vixente); para, finalmente, anunciar a súa venda, un feito que mesmo é cuestionable desde un punto de vista ético incluso dando por boa a versión franquista sobre a adquisición da propiedade.

E, en terceiro lugar, porque os feitos historicamente comprobados e as declaracións dos actuais posuidores do Pazo e de membros destacados da Fundación Francisco Franco constitúen unha innecesaria ofensa ás vítimas da Ditadura, aos seus familiares, e ao conxunto da sociedade galega; unha sociedade que de xeito moi maioritario considera que o vixente período democrático constitúe unha feliz e pactada superación dunha etapa da nosa historia que nunca máis se debería repetir: a guerra civil e a subseguinte longa e opresiva Ditadura.

Precisamente porque desde o ano 1978 España é un Estado democrático e de Dereito, construído por consenso de todas as forzas políticas democráticas, a iniciativa demandaba actuar conforme a dereito, e evitando, pola mesma lóxica democrática, que o pobo de Galicia tivese que pagar outra vez por unha propiedade que se considera que xa debería formar parte do patrimonio público. E para elo demandaba a constitución dunha comisión técnica e plural, que permitise recuperar Meirás para o patrimonio público de acordo cos principios dun Estado democrático e de dereito, deixando así clara a superioridade moral do noso sistema xurídico sobre calquera outra opción que, tras 40 anos de democracia e respecto á legalidade constitucional, non debe ter acollida dentro da nosa sociedade. Unha iniciativa, en fin, que pretendía afondar nos principios que fixeron da transición unha etapa exemplar da nosa historia: Consenso en torno á democracia constitucional e representativa; non esquecer o pasado para evitar que nunca máis se volvese a repetir; e defender o imperio da lei democrática sobre a discrecionalidade ou a arbitrariedade. Unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia que, pese a ser recoñecida como positiva por colectivos sociais que reivindican a reposición de Meirás ao patrimonio público, desafortunada e incomprensiblemente foi votada en contra polos outros tres grupos políticos representados no Parlamento.

A Xunta de Galicia, seguindo o mandato parlamentario, e a diferenza dos lexitimamente impulsados a instancias doutras institucións, constitueu un grupo amplo, plural e cualificado en materias xurídicas e históricas, presidido polo Catedrático de Historia Contemporánea da USC, Dr. Núñez Seixas. Os seus restantes 11 membros foron

designados con independencia polas institucións ás que se solicitou a súa colaboración: as tres universidades galegas; os colexios oficiais de rexistradores da propiedade e de notarios; así como a Asesoría Xurídica Xeral e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia; a Deputación da Coruña e o Concello de Sada.

O pasado día 25 de xuño de 2018 o Presidente da Comisión de Expertos fixo entrega de dito Informe á Consellería de Educación, que foi remitido ao Parlamento, xunto coa documentación da comisión (números de rexistro de entrada no Parlamento do 26 de xuño 32833; e 32842) e os anexos que acompañan ao Informe histórico e xurídico (número de rexistro do 27 de xuño 32862).

O Informe dos Expertos, realizado con plena independencia e cumprindo o requirido no mandato parlamentario, conclúe, en síntese, e por unanimidade dos seus integrantes, "que é posible defender en Dereito a adquisición por usucapión da condición de ben de dominio público das 'Torres de Meirás' e a aplicación a este inmoble do réxime xurídico propio dos bens desta natureza, o que, pola súa vez, determina que, en uso da súa lexitimación activa e logo da investigación patrimonial para o efecto e valoración dos datos e documentación mencionados neste informe, a Administración Xeral do Estado poida, no seu caso, exercitar a acción dirixida a reivindicar o ben como demanial e a obter a restitución da súa posesión".

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia declara o seu apoio explícito ás conclusións incluídas no Informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria , en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia sobre as posibilidades de incorporar ao Patrimonio Público a propiedade das 'Torres de Meirás', e consecuentemente insta á Xunta de Galicia a remitir urxentemente dito informe, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado coa petición de que se realicen as accións legais que o Informe recomenda co obxecto de reintegrar as 'Torres ou Pazo de Meirás' ao ámbito dos bens de dominio público da Administración Xeral do Estado".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887
Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela 27 de xuño de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Alberto Núñez Feijóo na data 27/06/2018 15:59:56**

**Pedro Puy Fraga na data 27/06/2018 16:00:17**

**Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/06/2018 16:00:35**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/06/2018 16:01:07**

**Paula Prado Del Río na data 27/06/2018 16:01:18**

**Marta Rodriguez Arias na data 27/06/2018 16:01:36**

**Diego Calvo Pouso na data 27/06/2018 16:01:58**

**Raquel Arias Rodríguez na data 27/06/2018 16:04:20**

**Alfonso Rueda Valenzuela na data 27/06/2018 16:04:30**

**Beatriz Mato Otero na data 27/06/2018 16:04:43**

**Francisco José Conde López na data 27/06/2018 16:04:52**

**José Manuel Rey Varela na data 27/06/2018 16:05:12**

**Rosa María Quintana Carballo na data 27/06/2018 16:05:24**

**César Manuel Fernández Gil na data 27/06/2018 16:05:37**

**Antonio Mouriño Villar na data 27/06/2018 16:05:45**

**Maria Antón Vilasánchez na data 27/06/2018 16:06:04**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887
Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

**Teresa Egerique Mosquera na data 27/06/2018 16:06:14**

**Carlos Gómez Salgado na data 27/06/2018 16:07:03**

**María Isabel Novo Fariña na data 27/06/2018 16:07:18**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 27/06/2018 16:07:41**

**Jaime Castiñeira Broz na data 27/06/2018 16:07:46**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/06/2018 16:08:09**

**Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/06/2018 16:08:29**

**Moisés Blanco Paradelo na data 27/06/2018 16:08:37**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/06/2018 16:08:47**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/06/2018 16:08:55**

**Martín Fernández Prado na data 27/06/2018 16:09:14**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 27/06/2018 16:09:24**

**Marta Novoa Iglesias na data 27/06/2018 16:09:33**

**Sandra Vázquez Dominguez na data 27/06/2018 16:09:42**

**Daniel Vega Pérez na data 27/06/2018 16:09:55**

**Alberto Pazos Couñago na data 27/06/2018 16:10:02**

**José González Vázquez na data 27/06/2018 16:10:15**

**Gonzalo Trenor López na data 27/06/2018 16:10:32**

**Jesús Miguel Prado Patiño na data 27/06/2018 16:10:42**

**María Guadalupe Murillo Solís na data 27/06/2018 16:11:08**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Jacobo Moreira Ferro na data 27/06/2018 16:11:23**

**María Soraya Salorio Porral na data 27/06/2018 16:11:31**

**María Ángeles Garcia Míguez na data 27/06/2018 16:11:40**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/06/2018 16:11:52**

**Moisés Rodríguez Pérez  na data 27/06/2018 16:12:02**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## Exposición de motivos

En xullo do ano 2000, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas recoñecía o acceso básico á auga e ao saneamento como un dereito humano. Fundamentalmente, a auga é un dereito esencial para a vida e a dignidade dos seres humanos, polo que os servizos de auga e saneamento están vinculados a dereitos humanos e non poden ser xestionados só dende a lóxica do mercado.

As precipitacións medias en España téñense reducido nun 20 % nos últimos 15 anos, acompañadas de episodios de choivas intensas e torrenciais. Galicia resultou afectada nestes dous últimos anos por unha seca á que nos teremos que acostumar porque vai ser máis frecuente e intensa polo cambio climático e que debe crear conciencia na poboación. As nosas reservas hídricas nos encoros estaban en decembro de 2017 un 20 % por debaixo do habitual, cun déficit de precipitacións de case o 50 % no que ía de ano hidrolóxico, o que pon en solfa a confianza na existencia de concas tradicionalmente con capacidade de aportar auga a outras deficitarias.

Precísase unha xestión integral do ciclo da auga como recurso público que garanta o acceso de toda a cidadanía a este recurso. Garantía que abarque o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos das augas residuais e a protección dos ecosistemas acuáticos, arbitrando especiais medidas de protección para aqueles territorios que sexan depositarios de masas de auga para abastecemento. Cómpre unha transición hidrolóxica semellante á transición enerxética, incluída a realización dunha auditoría hidrolóxica como á solicitada na transición enerxética.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 11:30
Nº Rexistro: 32466
Data envío: 15/06/2018 11:30:51.997





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar e traer a esta Cámara, antes de que remate o ano 2018, un informe sobre transición hidrolóxica no que se inclúan unha auditoría hidrolóxica e, como mínimo, as seguintes medidas de consumo responsable:

1. Xestión do entorno das correntes de auga.
2. Contra a contaminación e a sobreexplotación dos acuíferos.
3. Reutilización das augas residuais axeitadamente depuradas.
4. Respecto dos caudais ecolóxicos.
5. Xestión do uso diario da auga de consumo, comezando polos edificios públicos.
6. Sectorización das redes de abastecemento, incluídas técnicas en busca de fugas.
7. Regulación da presión da rede en función da demanda.
8. Priorización dos procesos de potabilización.
9. Elaboración de campañas de concienciación para os consumidores finais.

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/06/2018 11:28:41**

**Raúl Fernández Fernández na data 15/06/2018 11:28:46**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 11:30
Nº Rexistro: 32466
Data envio: 15/06/2018 11:30:51.997

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**María Luisa Pierres López na data 15/06/2018 11:28:50**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/06/2018 11:28:54**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32474
Data envío: 15/06/2018 12:51:23.368

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Exposición de Motivos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno sostén que:

"*A transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixes fundamentais de toda acción política. Só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é critica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos*"

Posteriormente aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que facía fincapé no "*control cidadán sobre a actividade gobernamental*" e explicaba que "*os mecanismos de transparencia e de bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonios públicos*".

Pero despois destas declaracións de intencións as decisións que se toman son moi distintas, como se pode ver na xestión realizada pola Consellería de Sanidade nos convenios asinados coa multinacional Medtronic.

A decisión da Consellería foi sinxela, negar a información. Negar información á cidadanía e negar a información ao propio Parlamento de Galicia. O motivo é que consideran que facer públicos os anexos dos convenios poría en perigo o segredo comercial e/ou á propiedade industrial e intelectual.

Esta decisión tomouse sen consultar á empresa Medtronic. A Administración omitiu de xeito "involuntario" este trámite de audiencia. Este trámite foi definido como "esencial" pola Comisión de Transparencia, no seu informe dado o 23 de maio de 2018, "*para a toma da decisión e xustificación tanto da denegación total da información como do recoñecemento do acceso parcial ou total á mesma*".

A Xunta optou pola opacidade, non pola transparencia. E era sinxelo facer as cousas doutro xeito. Tanto como mirando o que fixeran en Cataluña. Alí o *Institut Català de la Salut* publicou unha copia íntegra dos convenios no seu portal de transparencia. Pero en Galicia, a Xunta, sen tan sequera preguntar á empresa, considera que os intereses de Medtronic poderían verse prexudicados e deciden negar información á cidadanía e ao Parlamento.

Pero meses despois á Comisión de Transparencia obriga á Consellería de Sanidade a facer as cousas conforme a dereito e a retrotraer o expediente de solicitude de información.

A limitación da información debe realizarse tras analizar as circunstancias concretas e sempre dun xeito xustificado e proporcional. "*En calquera caso se non fose posible un o outorgamento do acceso á totalidade da información unha*

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32474
Data envio: 15/06/2018 12:51:23.368



*vez feitas as correspondentes valoracións, deberá concederse o acceso parcial previa omisión da información afectada polo límite*", como recorda a Comisión.

Non sería lóxico que se en Cataluña foi posible coñecer toda a información, a Xunta de Galicia optase pola opacidade despois de que a Comisión de Transparencia a deixase en evidencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1º ) Cumprir de xeito inmediato, e coa máxima celeridade posible, os trámites ordenados pola Comisión de Transparencia galega.

2º) Non poñer trabas no acceso á información por parte da cidadanía e do propio Parlamento.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Voceira s. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32474
Data envio: 15/06/2018 12:51:23.368

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Carmen Santos Queiruga na data 15/06/2018 12:49:02**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2018 10:49
Nº Rexistro: 32487
Data envío: 18/06/2018 10:49:26.757

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea,** por iniciativa dos seus deputados **Antón Sanchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A Sala III, do Contencioso-Administrativo, do Tribunal Supremo, acaba de establecer como doutrina que o método de comprobación do valor real de inmobles, para os efectos do cálculo do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais, que posibilita a Lei Xeral Tributaria, consistente en multiplicar o valor catastral por un coeficiente, non é idóneo nin adecuado, salvo que se complemente cunha comprobación directa por parte da Administración do inmoble concreto sometido a valoración.

O Supremo establece como doutrina que "o método de comprobación consistente na estimación por referencia a valores catastrais, multiplicados por índices ou coeficientes (artigo 57.1. b) da Lei Xeral Tributaria) non é idóneo, pola súa xeneralidade e falta de relación co ben concreto de cuxa estimación se trata, para a valoración de bens inmobles naqueles impostos en que a base impoñible vén determinada legalmente polo seu valor real, salvo que tal método se complemente coa realización dunha actividade estritamente comprobadora directamente relacionada co inmoble singular que se someta a avalúo".

Engade que a aplicación dese método de comprobación "non dota á Administración dunha presunción reforzada de veracidade e acerto dos valores incluídos nos coeficientes, figuren en disposicións xerais ou non", así como que "a aplicación de tal método para rectificar o valor declarado polo contribuínte

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2018 10:49
Nº Rexistro: 32487
Data envío: 18/06/2018 10:49:26.757



esixe que a Administración exprese motivadamente as razóns polas que, ao seu xuízo, tal valor declarado non se corresponde co valor real, sen que baste para xustificar o inicio da comprobación a mera discordancia cos valores ou coeficientes xerais publicados polos que se multiplica o valor catastral".

E ademais, deixa claro a quen corresponde a carga da proba neste terreo: "o interesado non está legalmente obrigado a acreditar que o valor que figura na declaración ou autoliquidación do imposto coincide co valor real, sendo a Administración a que debe probar esa falta de coincidencia".

A sentencia é de aplicación xeral aínda que se refira a un caso de Castela A Mancha e, polo tanto, o Goberno galego ten que aplicar cambios que adapten a normativa a esta nova situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a modificar a Orde do 28 de decembro de 2015, modificada pola Orde de 26/12/2016, pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles que se utilizarán, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral, e as resolucións posteriores co fin de adaptar o contido normativo á nova doutrina sobre o método de comprobación do valor real de inmobles a efectos do cálculo do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 18/06/2018 10:44:42**

**Marcos Cal Ogando na data 18/06/2018 10:44:55**

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

**Exposición de motivos**

Os desafiuzamentos e a falla do dereito á vivenda seguen a ser un grave problema en Galiza 10 anos despois do estoupido da burbulla inmobiliaria.

Na actualidade redúcese o número de execucións hipotecarias, pero os desaloxos por impago de aluguer medran. Estase a inflar unha burbulla do aluguer e os prezos suben espectacularmente, nomeadamente nas cidades, onde máis demanda existe.

Os prezos subindo xunto cos salarios e as condicións laborais precarias forman un cóctel explosivo que incrementa os desafiuzamentos e os problemas para o acceso a unha vivenda digna.

En Galiza téñense tomado medidas superficiais ao respecto pero non ten habido unha aposta polo cambio de modelo onde se poña por diante o dereito á vivenda do negocio especulativo.

Pero en ningún caso se adoptou un método de coordinación administrativo eficaz e áxil, non se está a dar unha resposta suficiente no realoxo nin existe un parque público de vivenda a prezo social suficiente para atender a demanda.

Recentemente vén de aprobarse a “Lei 5/2018, de 11 de xuño, de modificación da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuizamento Civil, en relación á ocupación ilegal de vivendas.”

Contén unha Disposición Adicional de coordinación e cooperación entre Administracións públicas, co seguinte contido:

1.As distintas Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, incorporarán, nos protocolos e plans para garantir políticas públicas en materia de vivenda, medidas áxiles de coordinación e cooperación, especialmente cos responsables dos servizos sociais no ámbito autonómico e local, ao obxecto de previr situacións de exclusión residencial e para que resulte eficaz a comunicación prevista no apartado 4 do artigo 150 e no apartado 1 bis do artigo 441 da Lei 1/2000, de 7 de xaneiro, de Enxuizamento Civil, a fin de dar resposta axeitada, e o máis inmediata posible, a aqueles casos de vulnerabilidade que se detecten nos procedementos conducentes ao lanzamento de ocupantes de vivendas e que esixen actuacións previas e coordinadas das administracións competentes.

2. Estes protocolos e plans garantiran a creación de rexistros, ao menos no ámbito territorial de cada Comunidade Autónoma, que incorporen datos sobre o parque de vivendas sociais dispoñibles para atender a persoas o familias en risco de exclusión.

Galiza debe atender esta demanda de creación de plans e protocolos áxiles e eficaces para previr situacións de exclusión e debe crear un rexistro público de vivenda social dispoñible para atender aos colectivos en risco de exclusión.

Por outra banda, para incrementar o parque de vivendas é imprescindible mobilizar vivenda baleira. Con este obxectivo sería necesaria a modificación do

Decreto 17/2016 polo que se crea e regula o censo de vivendas baleiras de Galiza estendéndoo a todos os concellos e implicando obrigatoriamente ao IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1)A través do diálogo coa FEGAMP e os concellos galego elaborar un protocolo de coordinación entre administracións ao obxecto de previr situacións de exclusión residencial e a fin de dar resposta axeitada, e o máis inmediata posible, a aqueles casos de vulnerabilidade que se detecten nos procedementos conducentes ao lanzamento de ocupantes de vivendas e que esixen actuacións previas e coordinadas das administracións competentes.

2) Crear un rexistro público galego do parque de vivendas sociais dispoñibles para atender a persoas ou familias en risco de exclusión.

3)Modificar o Decreto 17/2016, polo que se crea e regula o Censo galego de vivendas baleiras de xeito que estenda o censo de vivendas baleiras a todos os concellos, con independencia da súa poboación, e a que se contemple a intervención obrigatoria do IGVS na mobilización de dito parque de vivendas para a disposición concertada ou conveniada dese fondo.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 18/06/2018 10:47:01**

**Marcos Cal Ogando na data 18/06/2018 10:47:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32499
Data envío: 18/06/2018 14:28:49.424

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A empresa Tecnosolos Galaicos S. L. desempeñou ata agora a súa actividade na canteira de Miramontes, Grixoa (Santiago de Compostela), elaborando tecnosolos (solos artificiais feitos a partir de residuos) que se destinan na súa maioría á recuperación do solo degradado pola actividade de extracción de áridos na propia canteira.

Tecnosolos Galaicos debe presentar un informe semestral de actividade. No informe do 1º semestre de 2016 a empresa manifesta, no punto 1 –“Relación de entrada de residuos”– que entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2016, recibíronse na instalación 16.039,275 toneladas de residuos, das que se empregaron para a elaboración de tecnosolos 13.229,035 toneladas. No punto 3 –“Destino del tecnosol producido”– dise textualmente: “Hasta la fecha todo el tecnosol producido se encuentra almacenado en espera de su aplicación en las zonas a regenerar dentro de la cantera”.

A afirmación citada non encaixa co feito de que nos proxectos da planta de elaboración de tecnosolos non se contempla ningunha zona de almacenamento, salvo a zona de maduración que ten unha capacidade máxima de 900 toneladas. De feito o proxecto de explotación describe que, tras a maduración, os tecnosolos son transportados directamente á zona de aplicación. Pero a realidade é ben

distinta. Os tecnosolos foron almacenados no exterior, preto da planta de elaboración, nun acopio de varios metros de altitude, creando unha parede artificial no extremo sur da canteira.

No informe semestral de actividade do 1º semestre de 2017, dise que o material elaborado que estaba almacenado durante o 2016 aplicouse na canteira entre os meses de outubro e novembro, mentres a meteoroloxía o permitiu. Segundo o informe, o material producido entre decembro de 2016 e xuño de 2017 almacenouse preto da planta de produción, para ser aplicado entre os meses de xullo e outubro do 2017.

Atendendo á normativa ITR/01/08 –instrución técnica de residuos para a elaboración de solos artificiais– e segundo o recollido nas condicións da resolución 05/10/2016, o tecnosolo deberá achegarse en épocas do ano en que non se produza unha saturación hídrica do terreo. Aparentemente, para cumprir con esta condición, Tecnosolos Galaicos opta por unha solución moito peor que é almacenalos no extremo da canteira, no borde da montaña, nun lugar non impermeabilizado, expostos á auga de choiva, xerando lixiviados directamente cara o exterior da canteira. O problema agrávese tendo en conta que, segundo demostraron as inspeccións, o produto elaborado nin sequera cumpría as condicións para ser considerado tecnosolo e que, ademais, almacenábase sen madurar.

Non se entende, por tanto, por que non contando a empresa cun lugar impermeabilizado e cuberto (para evitar a contaminación por lixiviados) onde almacenar o tecnosolo elaborado, se lle permite empezar a actividade moitos meses antes de que lle fose outorgada a autorización para a aplicación do tecnosolo na canteira (o día 05/10/2016) e como, tendo coñecemento dos almacenamentos a través dos informes semestrais de actividade, non se lle insta a

parar a produción ata darlle saída aos acopios. Os lixiviados xerados por esta acumulación están provocando, aínda na actualidade, vertidos cara as leiras dos veciños que desembocan no regato do Gatofero. Recentemente descubriuse ademais unha posible afección á fonte da que se abastecen os veciños de Miramontes.

Tampouco se comprende o temerario déficit de control da empresa. Nas actas de inspección non figura ningún control de augas subterráneas, que debería realizarse tendo en conta:

- As acumulacións de residuos que lixivian cara a ladeira da montaña mediante unha gabia escavada no terreo.
- A existencia de 3 fontes no contorno próximo dos espazos de aplicación dos tecnosolos.
- Que a ITR/01/08 contempla a posibilidade do control de augas subterráneas no caso de aplicarse tecnosolos a superficies de máis de 1 ha, como é o caso da canteira de Miramontes.
- Que as zonas de aplicación de “supostos tecnosolos” están próximas (200-400 metros) a espazos sensibles (curso fluvial, terreos agrícolas e vivendas).

Atendendo ás analíticas que os inspectores ambientais da propia Xunta realizaron ás mostras recollidas, bótase en falla, ademais, a comprobación de diversas condicións que deben cumprir os tecnosolos conforme á instrución técnica de residuos ITR/01/08 relativa á elaboración de solos artificiais. Falla:

- A verificación dos niveis máximos de microorganismos patóxenos Salmonella e Escherichia coli.
- O ensaio de toxicidade aguda en miñocas conforme ao test OCDE 207.

- O ensaio de emerxencia e crecemento de sementes de plantas terrestres conforme ao test OCDE208.

Nas conclusións da acta de inspección do vertedoiro do 19 de novembro advírtese tamén de que:

- Non se realizan caracterizacións básicas nin probas de conformidade dos residuos que entran no vertedoiro con maior carga orgánica.
- Non se fai un control visual do contido dos residuos antes da descarga do camión no vertedoiro.
- As analíticas do contido de carbono orgánico disolto (COD) en tres mostras arroxaron resultados incompatibles coa normativa vixente.
- A xestión no rexeitamento de residuos é deficiente.
- Nas observación macroscópicas observáronse residuos que non deben entrar no vertedoiro e non están reflexados no libro de incidencias.

Pero o máis grave na xestión do vertedoiro é que, paulatinamente, se está modificando o seu uso de facto para transformalo nun vertedoiro de residuos domésticos que chegan como rexeites doutras plantas.
O vertedoiro de residuos industriais é xestionado por Sertego Servicios Medioambientales SL á que se lle outorgou unha Autorización Ambiental Integrada, que foi modificada ata 12 veces ao longo dos anos.

No proxecto construtivo do vertedoiro, no punto 13 “Protección de la calidad del aire y seguridad en el vaso de vertido. Producción y tratamiento de gases”, estímase que a porcentaxe de materia orgánica recibida no vaso de vertedura sexa aproximadamente, en composición real do 5% , aínda que, nunha posición conservadora partiuse dunha porcentaxe máxima en peso do 10%. Tal e como se reflicte no Protocolo de Admisión controlarase a porcentaxe de materia orgánica

por medio das análises que se realizarán aos residuos de entrada. Segundo se describe neste mesmo apartado:

> "En el caso concreto del vaso de EYREGA, partiendo de que se prohíbe el vertido de residuos líquidos, que se controlará la presencia de agua en el residuo y que se garantizará el control de presencia de materia orgánica a través de las pruebas de conformidad iniciales del residuo cabe esperar una producción de gas muy reducida en la realidad, tanto por ausencia de insumo a la reacción (bajo % en peso de materia orgánica) como por restricción en la presencia de agua en el residuo (materiales, en general de baja higroscopicidad)."

Pero a realidade é que non se están cumprindo estas condicións sinaladas no proxecto do vertedoiro. Por unha banda, a entrada de líquidos e auga no vaso é superior ao inicialmente previsto. Por outra, as inspeccións confirman que a porcentaxe de materia orgánica que se está admitindo no vertedoiro é moi superior ao 10% estimado no proxecto aprobado.

As consecuencias do desleixo na xestión do vertedoiro falan por si mesmos da ameaza que o lugar supón para a contorna e para a saúde. A auga da choiva que escorrega ou filtra a través do amoreamento dos lodos da ría de Noia e o amoreamento dos "supostos tecnosolos" é vertida directamente ao solo, sen ser tratada, por medio dunha gabia escavada sobre o terreo. A situación sigue sen arranxarse 10 meses despois da primeira acta onde se detectan os vertidos cara a ladeira sur da montaña.

O asunto é tan grave que ata a Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático tivo que recoñecer na Comisión de Medio Ambiente do 22 de marzo

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

do presente ano que, efectivamente, a situación do vertedoiro non é adecuada pola proximidade ás casas da veciñanza.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Incoar expedente sancionador a Sertego Servizos Medioambientales SL polos graves incumprimentos da Autorización Ambiental Integrada.
- Retirar os residuos contaminantes que xerou Tecnosolos Galaico.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro s. e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 18/06/2018 14:27:21**

**Marcos Cal Ogando na data 18/06/2018 14:27:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:56
Nº Rexistro: 32565
Data envío: 19/06/2018 13:56:28.777

GRUPO PARLAMENTAR en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a iniciativa dos deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** e da deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** sobre a proposta de regulación do etiquetado da leite.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia –o organismo independente ao que lle corresponde regular os mercados e garantir e promover unha competencia efectiva–, emitiu recentemente un informe sobre a proposta de regulación do etiquetado da leite, atendendo así a solicitude do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente sobre o Proxecto de Real Decreto que aborda esa cuestión.

A finalidade do Proxecto de Real Decreto é facer explícita a orixe da leite de tódolos produtos lácteos elaborados en España que se comercialicen no noso país, de tal xeito que o consumidor estea informado ao respecto.

A conclusión da CNMC é que, efectivamente, a procedencia xeográfica dos produtos pode ser un dato de interese para os consumidores e as empresas teñen a potestade de indicala na etiquetaxe. Non obstante, rexeita a obrigatoriedade de sinalar a orixe da leite porque entende que iso pode contribuír a compartimentar o mercado en diferentes zonas xeográficas e restrinxir a libre circulación de mercadorías. Desta maneira, Competencia pon en cuestión un aspecto central do

acordo lácteo firmado en Madrid fai dous anos e medio, un pacto que foi asumido polo Ministerio, a Xunta, os produtores, as industrias e a distribución.

Custa entender as dúbidas que manifesta Competencia ante o etiquetado, tendo en conta que a medida favorecería aos consumidores. Só se comprenden se o obxectivo é favorecer os intereses das multinacionais estranxeiras.

Tampouco se entenden cando observamos o que sucede na nosa contorna. Países como Francia, Italia, Portugal, Grecia, Finlandia ou Lituania levan tempo etiquetando a leite, e iso non supuxo ningún colapso do mercado.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a instar ao novo Goberno do Estado español a asumir e aplicar o acordo lácteo tal e como foi pactado dous anos e medio.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araujo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea
Antón Sánchez García
Vicevoceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**David Rodríguez Estévez na data 19/06/2018 13:44:14**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 13:44:22**

**Antón Sánchez García na data 19/06/2018 13:44:30**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32570
Data envio: 19/06/2018 14:24:45.886

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados e deputadas Marcos Cal Ogando, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Carmen Santos Queiruga e Luis Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte ***Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.***

Exposición de motivos

A cidadanía de Vilagarcía leva anos agardando a ampliación da depuradora local, unha ampliación prometida no Horizonte 2016-2021 pero da que aínda non hai previsión feita nin orzamento concedido.

O pasado luns 18 de xuño a depuradora volveu dar problemas, xerando un vertido insalubre e altamente molesto para a poboación local. Un fallo na planta de pre-tratamento obrigou a baleirar o contido na depuradora, que non tendo capacidade suficiente, ocasionou o vertido na ría.

A ampliación da depuradora vense solicitando dende hai anos, e a operación foi estimada en 2.000.000 na anterior lexislatura, pero non é a única demanda existente arredor da mesma. É fundamental dotar a depuradora de Vilagarcía dun sistema de tratamento terciario que permita o uso de gran parte da auga que alí chega.

As rías galegas non son só un espazo de biodiversidade que temos a obriga de coidar, senón unha fonte de recursos valiosísima da que dependen en gran medida moitas das poboacións costeiras galegas. Garantir a salubridade das rías é

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

un compromiso non só ecolóxico ou sanitario senón económico para ca cidadanía galega.

Polo exposto presentase a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta a :

1.- Iniciar un estudo en colaboración co Concello de Vilagarcía de Arousa para detectar as eivas da depuradora e detectar e estudar as solucións necesarias.

2.- Estudar a ampliación da depuradora incluíndo un sector de tratamento terciario.

3.- Incluír no orzamento do próximo ano unha partida suficiente para ampliar e mellorar a depuradora de Vilagarcía, dando solución aos problemas ocasionados pola súa falta de capacidade e engadindo un sector de tratamento terciario.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32570
Data envío: 19/06/2018 14:24:45.886

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Marcos Cal Ogando na data 19/06/2018 14:18:07**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 19/06/2018 14:18:23**

**Carmen Santos Queiruga na data 19/06/2018 14:18:38**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 14:18:59**

**Luis Villares Naveira na data 19/06/2018 14:19:32**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32575
Data envío: 19/06/2018 14:39:59.511

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa dos deputados **Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** sobre o informe elaborado por Greenpace sobre a planificación en Galiza no que atinxe a loita contra os incendios forestais.

Exposición de motivos

Levamos tempo advertindo que os lumes prenden nas épocas de máis calor, pero apáganse durante todo o ano, invertendo en políticas de prevención, de ordenación do territorio, de coidado dos nosos montes e da nosa terra. Non obstante, semella que á Xunta isto non lle importa demasiado. Segundo un recente informe elaborado por Greenpeace, Galicia conta cunha planificación moi deficiente no que atinxe a loita contra o lume.

As consecuencias do desleixo do Goberno en materia de prevención dos lumes e xestión de emerxencias padecémolas todos os anos. A nosa terra non arde por casualidade. Arde porque dende as institucións non se fomenta unha ordenación cabal do monte que favoreza o seu coidado e a súa explotación. Esa é a dura realidade que o Partido Popular prefire non afrontar, xa que iso suporía recoñecer que non está cumprindo coas súas obrigas.

Para evitar asumir as súas responsabilidades, dende a Xunta de Galicia difundiuse o relato de que os incendios foran provocados por unha trama organizada de terroristas ambientais. A historia coñecémola ben. É a mesma que se conta dende o goberno autonómico cada vez que o lume pon en cuestión a súa

eficacia xestionando o monte e levando a cabo as labores de prevención que lle son propias. Porén, trátase dun relato que carece de base nos feitos, como xa quedou demostrado.

O informe de Greenpeace tamén sinala que ningún dos 313 concellos galegos conta cun plan de emerxencia de loita contra o lume, malia que a Lei de Montes obriga ás comunidades autónomas a ter plans preventivos nas áreas de alto risco e Protección Civil obriga aos concellos situados nesas zonas a desenvolver plans de emerxencia. Isto dificulta, aínda máis, facer fronte aos incendios que tódolos veráns asolan a nosa terra.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a dotar de medios aos concellos para que poidan elaborar os seus respectivos plans de emerxencia e favorecer así a coordinación das diferentes administracións na loita contra o lume.

Santiago de Compostela a 19 de xuño de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,
Paula Quinteiro Araújo,
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Antón Sánchez García
Voceiro s. do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32575
Data envio: 19/06/2018 14:39:59.511

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/06/2018 13:44:11**

**Antón Sánchez García na data 19/06/2018 13:44:20**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 13:44:27**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32584
Data envío: 19/06/2018 19:07:19.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a manipulación informativa na CRTVG.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal da CRTVG leva semanas mobilizándose para amosar o seu rexeitamento á supresión dos informativos locais da Radio Galega e as mudanzas na programación radiofónica –nomeadamente no Diario Cultural.

De facto, o Comité intercentros entregou á Dirección Xeral da CRTVG 550 sinaturas –recollida entre as/os profesionais-- no que reclaman o mantemento das desconexións locais e o reforzo do persoal que traballa nas delegacións territoriais.

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando, desde que tivemos constancia da decisión adoptada pola dirección da Corporación, a vulneración que suporá dos principios que deberían rexer un servizo público como a radio e a televisión públicas.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32584
Data envío: 19/06/2018 19:07:19.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén disto, o 19 de xuño coñecíamos a demisión presentada por dous xornalistas da TVG como mostra do seu desacordo coa liña informativa e por razóns profesionais.

Desde o cadro de persoal da Corporación e as organizacións sindicais que o representan, levan anos a demandar a aprobación do Estatuto profesional (artigo 36) e a creación do Consello de informativos previsto na Lei 9/2011 de medios audiovisuais públicos de Galiza.

O Consello de informativos debe ser, como recolle a propia lexislación, un "órgano interno de participación dos profesionais da información da CRTVG co fin de velar pola independencia, pola veracidade e pola obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles".

Nos últimos anos sucédense as denuncias por manipulación informativa, pola falta de pluralismo social, político e ideolóxico; polos incumprimentos reiterados da propia Lei de medios audiovisuais públicos e pola deriva, especialmente da televisión, que non cumpre coas funcións que lle corresponden como difusora e promotora da cultura galega ou a súa contribución ao proceso de normalización da lingua galega, entre outras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza, como órgano no que reside a soberanía do pobo galego, acorda por resolución a reprobación do Director Xeral da CRTVG pola

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32584
Data envio: 19/06/2018 19:07:19.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

continua manipulación informativa e a vulneración dos principios de pluralidade, veracidade, independencia e obxectividade dos contidos informativos que deben rexer nos medios audiovisuais públicos de Galiza."

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2018 19:03:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2018 19:03:40**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2018 19:03:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32584
Data envío: 19/06/2018 19:07:19.478

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/06/2018 19:03:42**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/06/2018 19:03:44**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/06/2018 19:03:46**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 32597
Data envío: 20/06/2018 10:28:15.616





## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## Exposición de motivos

A publicación de datos das persoas participantes en concursos públicos do Sistema Galego de Saúde inclúe, de maneira específica, a referencia aos que concursan pola vía libre e aos que o fan pola vía reservada ás persoas con algún tipo de discapacidade. A garantía de cobertura de todas as prazas conforme á lexislación vixente non debera ser unha imposición para evitar a garantía de salvagardar a protección de datos e a privacidade deles, incluso nestas circunstancias concretas.

Evitar a diferenciación debida a cuestións non de carácter puramente laboral, que é a cuestión que se trata nestes concursos e resolucións, pode entrar en choque con cuestións de confidencialidade e privacidade, e non favorecer outras consecuencias de tratamento.

É posible garantir igualmente a publicidade dos datos sobre a reserva de prazas e o respecto necesario e imprescindible aos números e porcentaxes en cada convocatoria. Para elo pódese evitar a publicidade de nomes concretos, e buscar outras alternativas como se fai noutro tipo de convocatorias, ou nos mesmos procedementos noutras administracións ou na mesma administración pero noutros departamentos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a adoptar novos métodos de publicacións das resolucións de concursos relativos a persoal da Consellería de Sanidade, que permita identificar datos relativos ao cumprimento da normativa sobre reserva de prazas para as persoas con

discapacidade, pero garanta a confidencialidade e privacidade das persoas concursantes.

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 20/06/2018 10:24:50**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2018 10:24:55**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2018 10:25:00**

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Sala III, do Contencioso-Administrativo, do Tribunal Supremo estableceu como doutrina que o método de comprobación do valor real dos inmobles, aos efectos do cálculo do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais, que posibilita a Lei xeral tributaria, que consiste en multiplicar o valor catastral por un coeficiente, non é idóneo nin axeitado, salvo que se complemente cunha comprobación directa por parte da Administración do inmoble concreto sometido a valoración.

O Tribunal fixa esta doutrina en catro sentenzas ditadas nos últimos días, nas que os cidadáns declaraban como valor o prezo declarado na escritura de compra, mentres que a Xunta de Castela-A Mancha pretendía elevar os ditos valores declarados para efectuar a liquidación do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais.

Polo que a Xunta de Galicia ten que aplicar os cambios necesarios para a adaptación da normativa.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que modifique a Orde do 26 de decembro de 2016, pola que se modifica a Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles que se utilizarán, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral, co fin de adaptar a normativa á nova doutrina sobre o método de

comprobación do valor real de inmobles aos efectos do cálculo do Imposto sobre transmisións patrimoniais.

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2018



**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2018 13:00:53**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/06/2018 13:01:01**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2018 13:01:09**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **EN MAREA,** a través das súas deputadas Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno,** relativa aos dereitos das persoas LGTBI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento Europeo vén de emitir o seu informe sobre a situación dos dereitos fundamentais na unión en 2016, con data 13 de febreiro de 2018, no cal anima a los Estados membros a que adopten leis e políticas de loita contra a homofobia e a transfobia e insta á Comisión e aos Estados membros a que traballen en estreita cooperación coas organizacións da sociedade civil que traballan a prol dos dereitos das persoas LGBTI.

Entre outros documentos internacionais nos que se recolle de xeito explícito o dereito á non discriminación por orientación sexual, podemos citar os Principios de Yogyakarta, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do ano 2000, onde se prohibe a discriminación exercida por causa de orientación sexual entre outras; a Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gais, na que se insta a todos os Estados Membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas; a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006; a Resolución 17/19 do 2011, do Consello da ONU que recoñece os dereitos dos colectivos LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:20
Nº Rexistro: 32638
Data envio: 20/06/2018 13:20:50.395



calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero; as Directivas 2000/43/CE e 2000/78/C incorporadas a lexislación estatal mediante a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

A Lei 2/2014 Lei 2/2014 pola igualdade e non discriminación de persoas LGTBI en Galicia recolle no capítulo referido ao ámbito educativo que a Administración ten que promover a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, te asemade desenvolver programas de formación do persoal docente, ben sexa co xa existente e no estabelecemento de pautas para incorporar a realidade LGBTI aos plans de estudos de Grao ou Mestrados de titulacións conducentes á docencia en calquera etapa educativa".

A Consellería debera dicirnos se existen traballos de divulgación da realidade LGTBI entre as ANPAS. O único ao que parece limitarse a Consellería é a recoller na orde do calendario escolar unha simple declaración instando aos centros a que actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. Máis nada.

A administración Educativa amosa desleixo. Na maioría dos casos desenvólvense poucas actividades de visibilidade e respecto da diversidade afectivo-sexual. É obriga da Consellaría desenvolver a propia Lei, co obxectivo de loitar contra o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e de promover, dunha maneira efectiva, unha formación docente que garanta que o profesorado conta con todas as ferramentas precisas para apoiar a igualdade de xénero e conseguir así que os centros sexan realmente coeducativos e respectuosos coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar; libres por tanto de prexuízos, sexismos ou homofobias.Sabemos que no curso 2017-18 se activaron en 12 centros educativos galegos activaron o protocolo para garantir a igualdade. É probable haxa máis casos, segundo a presidenta de Arelas, a Asociación de Familias de Menores Trans, Cristina Palacios. Os casos das

provincias de Ourense, A Coruña e Pontevedra, e en concreto algúns orientadores/as puxéronse en contacto con ela para buscar asesoramento.

Dende En Marea compartimos a idea e a necesidade de promover un ensino laico e de calidade que integre a dignificación e o recoñecemento das diferentes opcións sexuais e a diversidade familiar, educando na liberdade para enfocar a vida persoal e sexual de cada quen, a través da visibilidade desta realidade diversa nas materias educativas, impulsando e apoiando aquelas producións culturais e didácticas que inclúan a realidade LGTBI para potenciar referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade, poñendo especial fincapé na súa divulgación nos centros de ensino infantil, medio e superior".

As docentes e os docentes teñen un papel importante para favorecer e promover entre o alumnado o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero. Profesoras/es e alumnos/as poden converterse en axentes activos de difusión. Sabemos que só desde o rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas, poderemos construírmos unha sociedade máis libre e mellor". As deputadas e deputados temos a obriga de instar á Consellería para que asuma a súa responsabilidade.

Na nomeada lei de Galicia, a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, na súa disposición adicional, recóllese a información ao Parlamento de Galicia mediante a remisión dun informe sobre a aplicación desta lei con carácter trianual, por parte da Xunta de Galicia.

Pasados os tres anos este informe non se remitiu a día de hoxe e nin tan sequera consta que se estea elaborando.

Por todo o exposto, este Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Elaborar e presentar neste ano 2018 o informe trianual ao que obriga a Lei 2/2014 na súa disposición adicional.

2.- Facer campañas de divulgación sobre esta lei en todos os ámbitos.

3.- Divulgar a realidade LGTBI entre as ANPAS.

4.- Dotar de orzamento o plan de formación para o persoal docente.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/06/2018 13:11:07**

**Luca Chao Pérez na data 20/06/2018 13:11:14**

**Luis Villares Naveira na data 20/06/2018 13:11:22**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32649
Data envío: 20/06/2018 14:17:35.098

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno,** relativa ao servizo de cafetería do IES de Elviña

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Constitución recolle o dereito á educación e di que corresponde aos poderes públicos garantir o exercicio deste dereito en condicións de igualdade. Tamén recolle que é a Administración Pública, Xunta de Galicia, quen debe minimizar os obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade real e efectiva.

Correspóndelle arbitrar as medidas oportunas para compensar as desigualdades de calquera índole; é dicir, que con independencia das situacións familiares, sociais ou económicas, todas as alumnas e alumnos teñan acceso á educación sen limitacións.

Para tal efecto, a Xunta de Galicia, publicou o Decreto 132/2013, onde se regula o servizo de comedor escolar como servizo educativo complementario e que di *"A finalidade primeira perseguida dende sempre pola consellería competente en materia de educación coa xestión do servizo de comedor escolar foi dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias…… ademais de importante instrumento para a conciliación laboral e familiar".*

Enténdese que ninguén cuestiona ou pon en dúbida que o comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que presta a Administración e que

contribúe a unha mellora da calidade da ensinanza. Ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, desempeña unha destacada función social e educativa, por iso, os comedores escolares deben estar integrados na vida e na organización dos centros educativos.

Tendo isto en conta é inexplicable que no mes de febreiro se anuncie a través da web do centro educativo IES ELVIÑA que se pecha o servizo de comedor; unha decisión levada a cabo sen sometela nin a debate no consello escolar; porque, si ben é certo que non incumpre ningunha normativa facelo deste xeito, non é menos certo que incumpre co principio básico de respecto cara a o resto da comunidade educativa, e dicir, respecto ás familias e ás alumnas e alumnos que tamén forman parte do centro.

A Concellaría de Educación di que non pecha ningún comedor porque non existía. Porén na cafetería do Instituto de Elviña comen unha media de corenta alumnas/os cada día lectivo; unha maioría, beneficiarias/os das becas comedor do Concello da Coruña.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a manter o servizo de cafetería no horario que se viña realizando no inicio do curso escolar 2017/2018 de xeito que se garanta a posibilidade de ter comida no centro.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez,
Ánxeles Cuña Bóveda,

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32649
Data envío: 20/06/2018 14:17:35.098

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 20/06/2018 14:03:02**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/06/2018 14:03:07**

**Luis Villares Naveira na data 20/06/2018 14:03:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32673
Data envío: 20/06/2018 18:45:46.520

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O pasado 24 de maio de 2018 o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) resolveu, de conformidade co disposto no artigo 156 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, declarar que as obras promovidas pola Asociación de Veciños "As Peniñas", executadas en solo rústico, sen autorización urbanística autonómica, nin plan especial, consistentes nunha construción en curso de execución, no lugar de Chousa do Medio-Vales, parroquia de Borrifáns, no municipio de Oza-Cesuras, non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

A Axencia ordena a demolición destas obras a costa do Concello de Oza-Cesuras, tras verificar no tracto sucesivo das transmisións do solo afectado que o titular actual do ben é o propio Concello. A demolición debe executarse nun prazo de tres meses, con advertencia de multas coercitivas e poñendo os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das posibles responsabilidades penais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a verificar a legalidade das actuacións urbanísticas do Concello de Oza-Cesuras, e a súa incidencia no réxime de subvencións autonómicas das que poda ser beneficiario este concello como entidade resultante dun proceso de fusión municipal.

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/06/2018 18:35:28**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32673
Data envío: 20/06/2018 18:45:46.520

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/06/2018 18:35:42**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2018 18:35:49**

**María Luisa Pierres López na data 20/06/2018 18:35:53**

**Raúl Fernández Fernández na data 20/06/2018 18:35:58**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/06/2018 18:36:06**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 12:56
Nº Rexistro: 32691
Data envío: 21/06/2018 12:56:04.267

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A loita contra os lumes debe darse desde unha perspectiva integral que contemple un cambio completo de modelo. Debemos centrarnos na ordenación do noso territorio e dos usos deste e na revitalización do rural, e deixar atrás unha política que está centrada só na extinción.

Pero, para acadar este fin, temos que conseguir que as traballadoras e traballadores que loitan contra os incendios forestais teñan unhas boas condicións de emprego. Polo tanto, deben mellorarse as actuais condicións laborais que padecen, xa que, en demasiadas ocasións, a precariedade marca a súa situación.

O servizo está en precario, entre outras cuestións, porque continúan sen cubrirse baixas e vacacións, o que dificulta a realización do traballo en condicións óptimas.

A solución para o servizo debe pasar por que este sexa único e público no 100%.

Recentemente tiveron lugar incendios no Carballiño, en concreto na Xesteira, e evidenciouse de novo a carencia de recursos e de persoal nas brigadas forestais que prestan servizos no distrito XI.

Este distrito atende as comarcas do Arenteiro e o Ribeiro e abrangue os concellos de O Carballiño, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo (Demarcación de O Carballiño I); Beariz, Boborás e O Irixo (demarcación do Carballiño II); e Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia (demarcación de O Ribeiro).

Ademais, debemos ter en conta que a área do distrito XI está declarada como Zona de Alto Risco de incendios forestais (ZAR) e varios concellos están incluídos nas Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI).

A pesar disto, neste Distrito carécese da posibilidade de prestar un servizo continuado as 24 horas, e teñen que recorrer a reforzos en moitas ocasións.

Polo exposto, preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

-Que a brigada, que da cobertura no distrito XI, sexa dotada con persoal e medios suficientes para poder dar un servizo de urxencia e vixilancia-intervención de 24 horas.

-Cubrir, de xeito inmediato, as baixas e as vacacións do persoal deste distrito.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,
Davide Rodríguez Estévez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 12:56
Nº Rexistro: 32691
Data envio: 21/06/2018 12:56:04.267

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 21/06/2018 12:53:43**

**David Rodríguez Estévez na data 21/06/2018 12:53:53**

**Luis Villares Naveira na data 21/06/2018 12:54:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 17:02
Nº Rexistro: 32711
Data envío: 21/06/2018 17:02:27.952

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha inxente cantidade de portos e instalacións portuarias, a densidade portuaria máis alta da península ibérica, e seguramente unha das máis altas de Europa, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial, e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi regulado por unha lei específica.

En 2017 aprobouse a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, que, e despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, ao non responder nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

A Lei ten un contido claramente privatizador dunha actividade económica e produtiva estratéxica. Na mesma chégase a afirmar literalmente, sen rubor, que a actividade pública se poría en marcha “sempre que sexa preciso para atender posíbeis deficiencias da iniciativa privada”. Non corrixe, e mesmo acentúa, as tensións privatizadoras a que está sometido o sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 17:02
Nº Rexistro: 32711
Data envío: 21/06/2018 17:02:27.952

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, esta Lei ten un claro afán recadatorio e realizouse de costas ás entidades locais. Son moitos os concellos que na actualidade están a expresa o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Nese espazo realízanse múltiples e variadas actividades como festas ou mercados.

Por último, a citada Lei contempla un abusivo réxime sancionador que cómpre modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían quedar eximidas do citado réxime sancionador.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

-Realizar as modificacións lexislativas oportunas de xeito que ás autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.

-Modificar o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado."

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2018 16:58:14**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/06/2018 16:58:20**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/06/2018 16:58:21**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 21/06/2018 16:58:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/06/2018 16:58:25**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/06/2018 16:58:34**

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás necesidades de aumento de prazas de comedor escolar do CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo no concello de Carballiño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da problemática existente no CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo no concello de Carballiño por mor da insuficiencia de prazas de comedor escolar.

O pasado 19 de xuño foron publicadas as listaxes de alumnado admitido para o servizo de comedor escolar así como o estabelecemento dun prazo de cinco días para reclamacións. Como resultado desta primeira baremación pode observarse que ficaron sen praza ata un total de 42 nenos e nenas, un número altísimo que evidencia a absoluta insuficiencia das prazas actuais e que precisa de medidas extraordinarias na procura dunha solución por parte da Xunta de Galiza.

Desde o Bloque Nacionalista Galego tivemos coñecemento das críticas emitidas pola Asociación de Nais e Pais de Alumnos Xornada Digna do CEIP Calvo Sotelo de Carballiño quen indican a gravidade desta situación para a organización de moitas familias no plano laboral e persoal e que mesmo terán que renunciar a postos de traballo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 10:52
Nº Rexistro: 32759
Data envio: 25/06/2018 10:52:07.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou a ter as súas crianzas neste centro, ocasionando cambios e consecuencias lesivas que serían evitábeis se a Xunta de Galiza corrixira a infradotación de prazas de comedor.

Debemos recordar que o servizo de comedor é fundamental para axudar ás familias na conciliación, máis aínda nunha poboación onde hai moitos usuarios e usuarias de transporte escolar que veñen de alén do núcleo máis urbán. Dentro da defensa do sistema público de ensino é fundamental avanzar cara unha organización escolar que facilite que o alumnado escolarizado no ensino público de Galiza teña dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. Polo tanto, urxe que a Xunta de Galiza arbitre medidas extraordinarias para evitar a gran problemática e grave discriminación que suporía deixar sen atención de comedor escolar a máis de corenta familias.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a establecer medidas inmediatas de ampliación de prazas de comedor que busquen unha solución para evitar que un gran número de familias fiquen sen prazas de comedor no CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo no concello de Carballiño."

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 10:52
Nº Rexistro: 32759
Data envio: 25/06/2018 10:52:07.659

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2018 10:50:25**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2018 10:50:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2018 10:50:31**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/06/2018 10:50:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2018 10:50:34**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/06/2018 10:50:37**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32765
Data envio: 25/06/2018 11:42:40.784

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación do sector do biodiésel en Galiza e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para o mantemento dos empregos e a innovación tecnolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Inevitabelmente, o futuro do sector enerxético en Galiza dependerá das políticas que se desenvolvan por parte Xunta de Galiza, mais tendo en conta tamén as decisións que se tomen tanto por parte do ámbito correspondente ao Goberno Central así como da Unión Europea. Polo tanto, son fundamentais as decisións propias de cara a posicionar Galiza de cara ao futuro diante dos cambios que poden ser postos en marcha no ámbito estatal e internacional, xa que condicionarán de maneira determinante a capacidade de Galiza de se adaptar e desenvolver de forma óptima a súa necesaria transición enerxética.

Para prepararse cara este escenario, Galiza debe apostar pola produción propia e diversificada de enerxía así como pola investigación a prol da sostibilidade. Neste sentido, un dos eidos aos que cómpre atender é o da produción de biodiésel. Un sector que nestes momentos ten sido reducido de forma importante ao tempo que

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32765
Data envio: 25/06/2018 11:42:40.784

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no período de crise non foi obxecto de desenvolvemento dunha estratexia investigadora e innovadora que aproveitara as súas potencialidades para o aproveitamento enerxético.

A situación de paralización ou baixa produción das plantas de biodiésel galegos, especialmente na comarca de Ferrolterra, ten orixinado iniciativas parlamentares do BNG. Sen ir máis lonxe, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 6 de xuño de 2013, adoptou os seguintes acordos canda outras cuestións referentes ás demandas ao goberno central diante da a Directiva europea 2009/28/CE.:

1. Impulsar, no marco das súas competencias, a recollida selectiva de aceites vexetais usados segundo as previsións do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020. Para este fin en colaboración cos concellos, traballarase na sensibilización da reciclaxe de aceites de frituras.

2. Potenciar a investigación na obtención de biodiésel de segunda xeración a partir de materia prima non alimentaria.

3. Facilitar a participación das empresas de biodiésel en proxectos de investigación.

Porén, unha vez máis, o esforzo do goberno galego foi inexistente, nomeadamente a respecto dos compromisos pendentes canto a investigación e innovación. Recentemente, as novidades desde o ámbito europeo canto aos aranceis e canto á progresiva e futura eliminación do aceite de palma da elaboración industrial sitúan de novo esta industria no foco e o momento que se está a vivir debe ser aproveitado pola administración galega para desenvolver unha planificación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32765
Data envío: 25/06/2018 11:42:40.784

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estratéxica e de adaptación da planta que fica en Galiza, Masol, que conta con instalacións e un cadro de persoal experimentado e que podería ser referente de investigación e produción innovadora pola súa situación estratéxica e pola forte potencialidade económica ao tempo que podería dinamizar unha comarca con dificultades socioeconómicas como é Ferrolterra.

Máis aínda, en pleno debate político e institucional arredor da transición enerxética é preciso poñer en valor e explorar as posibilidades destas plantas tamén desde o punto de vista da produción de combustíbeis máis sostíbeis e do aproveitamento de refugallos, ao que cómpre engadir as posibilidades en relación con outro tipo de industrias relacionadas con sectores como o farmacéutico, alimentario ou da industria química mediante a obtención dalgúns dos subprodutos que se poden obter.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver a través do INEGA un estudo de adaptación aos novos parámetros acordados por Europa en xuño de 2018 que fixa unha cota do 32% de enerxías renovábeis no 2030. De forma especial, avaliarase a estratexia a impulsar de cara ao cumprimento en 2030 da eliminación do aceite de palma no transporte de cara a aproveitar as posibilidades desta transición para a adaptación tecnolóxica e innovadora da produción.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Desenvolver un Plan de investigación sobre a obtención de biodiésel de segunda e terceira xeración no que se procure a implicación do sistema universitario e centros de investigación galegos así como do tecido empresarial.

3. Desenvolver medidas específicas de apoio a aquelas empresas vencelladas ao sector do biodiésel que desenvolvan proxectos estábeis de investigación.”

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
**Montserrat Prado Cores**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Luis Bará Torres**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2018 11:32:18**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32765
Data envio: 25/06/2018 11:42:40.784

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2018 11:32:23**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2018 11:32:28**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/06/2018 11:32:31**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/06/2018 11:32:35**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2018 11:32:38**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 12:19
Nº Rexistro: 32774
Data envío: 25/06/2018 12:19:23.206

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea,** a iniciativa das súas deputadas **Julia Torregrosa Sañudo, Carmen Santos Queiruga e Paula Quinteiro Araujo,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante os últimos meses estase a producir un intenso debate no seo do sector do complexo mar-industria, sobre a necesidade ou non de incrementar o continxente de lombos de Atún, por unha banda unha parte do sector da conserva que pretende o seu incremento e doutra os armadores que manteñen o criterio de que pode abastecerse a industria sen recorrer ao incremento deste continxente. Neste punto é importante destacar que algunha gran industria conserveira galega aposta polo continxente cero.

Dende o punto de vista do emprego e a garantía de responsabilidade sanitaria e laboral, debemos incidir na realidade de continxente dos anos anteriores procedía de Vietnam ou Tailandia, países que ademais están inundando o mercado europeo coa súa conserva.

Parece necesario optar por outro modelo que non este unicamente baseado na redución dos prezos, aspecto este que parece estar detrás da petición da industria, se non no valor engadido da calidade e a súa aportación socioeconómica. Así o incremento do continxente ven acompañado dunha redución do prezo do atún conxelado e da imposibilidade de incrementar o emprego no sector, da man da

parte da industria que mais emprego podería xerar a limpeza dos lombos do Atún.

É falso que non exista materia prima suficiente, é compre favorecer o abastecemento a través da frotas Española e asociadas, ou en todo caso utilizando as posibilidades que ofrecen  os réximes preferenciais de importación de países de Latino América ou África, con maiores garantías sociosanitarias e medioambientais.

Deberamos analizar tamén o camiño emprendido pola nosa industria  conserveira cando preto do 66% da produción é  conserva de Atún (excluído o atún blanco), o que está a converter a nosa industria conserveira en mera enlatadora de produto foráneo, nin pescado nas nosas costas, nin polos nosos barcos. Compre polo tanto dende a responsabilidade política pular pola diversificación do sector e a aposta polo produto diferenciado e de alta calidade.

Por todo o exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Parlamento de Galicia  insta a Xunta de Galicia  a :

Primeiro.- Demandar do Goberno central a busca dun arco entre os diferentes sectores implicados para definir o criterio do estado fronte a unión Europea a hora de pedir un determinado continxente de atún.

Segundo.- Establecer novos programas con incentivos económico financeiros que permitan incrementar a produción de conserva diversificada e de calidade.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo

Paula Quinteiro Araujo

Deputadas do G.P. de En Marea

Carmen Santos Queiruga

Deputada e Voceiro S. do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 25/06/2018 12:16:21**

**Paula Quinteiro Araújo na data 25/06/2018 12:16:30**

**Carmen Santos Queiruga na data 25/06/2018 12:16:36**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 13:14
Nº Rexistro: 32778
Data envío: 25/06/2018 13:14:30.331

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentario de EN MAREA, a través do seu voceiro Luís Villares Naveira e por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG Núm. 66, o xoves 5 de abril de 2018 resolvíase e publicábase a formalización dos contratos do servizo de limpeza dos servizos administrativos da Xunta de Galicia dividido en 3 lotes, adxudicados, dous deles, a mercantil GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. por un importe de 13.080169,79 euros.

Esta contrata conta no seu cadro de persoal con 113 mulleres e 17 homes. Estes limpan os cristais e cobran un plus de perigosidade, penosidade e toxicidade sexa cal sexa a zona a limpar e cando acadan unha idade ascenden a peóns especialistas.

As mulleres, pola contra, non teñen ningún complemento aínda que teñan que realizar limpeza en altura, como en estantes, sexan responsables das chaves dos despachos, baleiren as papeleiras e limpen en xeral. Todas elas son peóns sen posibilidade de ascenso, independentemente dos anos de antigüidade e da súa idade.

Estamos ante un exemplo palpable de como en contratos celebrados polas administracións públicas e sociedades mercantís se dá e é visible e patente a crueldade da fenda salarial. Unha discriminación en termos de igualdade intolerable, que non se pode obviar, e que mostra o fácil que é relegar as tarefas

das mulleres a un terceiro, cuarto e quinto plano, aínda que impliquen grandes responsabilidades como a protección dos datos que poda haber nas papeleiras e que elas custodian con grande dilixencia, e a responsabilidade de abrir, limpar e fechar despachos, entre outras, ademais de limpar escrupulosamente. Ademais, a falta de cobertura das baixas aumenta a carga de traballo do persoal.

As Administracións públicas son as primeiras que deberan ter presentes as diferentes normas existentes en materia de igualdade que amparan as mulleres e os seus dereitos en igualdade de condicións con  respecto aos seus homólogos masculinos.

Así , o establecemento dos pluses que non se contemplan para elas, sendo que traballan cos mesmos produtos químicos, realizan traballos en altura, manexan inxentes cantidades de auga en caldeiros, e teñen as mesmas posibilidades de lesións debido ao manexo de ferramentas e posicións posturais polas tarefas repetitivas que son  inherentes ao seu traballo,  lesións nas mans, pernas, costas, caídas, etc... e que si que se contemplan para os homes, son unha clara vulneración deste principio de igualdade.

A diferencia no soldo que non se percibe polos ascensos acada a cifra de 1500 euros anuais, máis do dobre do salario mínimo interprofesional  mensual para o ano 2017, cifra que aumenta en 900 euros máis para o caso de sumar só o complemento de perigosidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en pleno:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta a:

1.- Instar á empresa GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. a aplicar a lei de igualdade para todas as persoas traballadoras.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 13:14
Nº Rexistro: 32778
Data envío: 25/06/2018 13:14:30.331



2.- Instar á empresa GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. a absterse de discriminar salarialmente ás mulleres que conforman o seu cadro de persoal, aplicando de xeito retroactivo as cantidades que deixaron de percibir en concepto de pluses e obrigando á empresa a establecer mecanismos de promoción para as mulleres, que impliquen mellora económica no seu posto de traballo así como o establecemento dos mesmos plus de penosidade, perigosidade e toxicidade para todas as empregadas.

3. Trasladar á Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva a situación do Grupo Norte en canto a discriminación salarial.

4.-Impulsar un plan específico de inspección laboral, xunto coa Inspección de Trabajo, para realizar inspeccións nas empresas coas que se asinan contratos ou se realizan adxudicacións por parte da Xunta, a fin de observar o cumprimento mínimo das disposicións normativas en igualdade.

5.- Establecer a perda de condición de empresas que poden contratar coas administracións por establecer diferentes tratamentos entre homes e mulleres, incidindo na prevención da fenda salarial e da desigualdade.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verea, Deputada do G.P. de En Marea

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 13:14
Nº Rexistro: 32778
Data envio: 25/06/2018 13:14:30.331

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 25/06/2018 13:08:51**

**Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 13:10:47**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32796
Data envio: 25/06/2018 18:12:19.972

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa Deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na sociedade galega estase a debater dende hai anos sobre a Renda Básica Universal (en adiante, RBU), un ingreso "básico" ou "ingreso de cidadanía", nun contexto de aumento das desigualdades sociais tras a crise de 2008 e a consolidación do emprego precario (no marco internacional dun cambio no modelo de emprego), e unha bolsa de pobreza e desigualdade que non mingua co crecemento do PIB.

A RBU é unha prestación universal, individual, suficiente e incondicional, en forma de cantidade económica, destinada a garantir a existencia material das persoas. Este tipo de prestación substituiría a calquera outro tipo de prestación de carácter monetario de contía inferior e estaría fixada mediante o criterio usado para definir o "umbral da pobreza".

O Colectivo Renda Básica de Santiago de Compostela, de cara a promover un debate público e a adopción de acordos institucionais para promover a implantación dunha Renda Básica Universal (RBU) en Galiza, ten presentado no Concello de Santiago unha moción – a través de Compostela Aberta – que foi aprobada polo Pleno e que nun dos seus puntos di: **"instar á Xunta de Galicia a promover un debate público sobre a RBU e adoptar as medidas necesarias para avanzar, no marco das súas competencias, na implantación dunha RBU"**.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 18:12
Nº Rexistro: 32796
Data envío: 25/06/2018 18:12:19.972

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Unha das controversias e dificultades en torno á RBU ten que ver co xeito de financiala e de implantala no Estado español.

A Red Renta Básica ten deseñado un sistema de financiación para a RBU no conxunto do Estado. Asemade, impulsou un estudo específico sobre a financiación da RBU para Catalunya e outro para Guipúzcoa. Ditos estudos parten do censo individual das declaracións de IRPF, conteñen as principais variables e magnitudes que permiten unha imputación a todo o fluxo de rendementos netos (traballo, capital moble e inmoble, actividades económicas, ganancias e perdidas patrimoniais) e permiten identificar as características socio-familiares das persoas declarantes.

A Xunta non ten competencias para impulsar unha RBU, pero pode contribuír ao debate público financiando un estudo sobre a súa implantación no noso País. Dito estudo exhaustivo non só serviría para coñecer a viabilidade dunha RBU en Galiza, senón tamén para utilizar os seus resultados de cara a implantar ou modificar calquera política social.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a impulsar, antes do ano 2020, un estudo específico sobre a financiación e implantación da Renda Básica Universal en Galicia.

Asdo.: Paula Vázquez Verao, Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 25/06/2018 18:09:51**

**Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 18:10:00**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 17:25
Nº Rexistro: 32578
Data envío: 19/06/2018 17:25:00.493

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo**, **Luis Bará Torres**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco xurídico e político instaurado desde 1978 consolidou o exercicio do poder centralista. O deseño institucional impediu o exercicio dun autogoberno real por parte de Galiza, ficando a capacidade política constrinxida a unha mera descentralización administrativa.

Baixo o modelo autonómico, Galiza non puido realmente exercitar opcións políticas e socioeconómicas propias e estivo supeditada sempre á planificación e ao deseño realizado polos sucesivos gobernos centrais, que se caracterizaron por marxinar o noso país.

As transformacións máis relevantes habidas nestas catro décadas foron produto de decisións onde Galiza nin participou nin tivo unha capacidade real de intervir a prol dos intereses das maiorías sociais de Galiza.

Se repararmos nas decisións estratéxicas que afectaron a Galiza, o papel desempeñado polas institucións autonómicas foi o de executor final, o propio deseño político e institucional sempre situou nun lugar subordinado a Galiza e coutou calquera posibilidade de participación directa nas grandes decisións.

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As institucións galegas, co rango competencial atribuído no marco actual, non decidiron directamente en asuntos que foron determinantes para o futuro do noso país. Unha ollada retrospectiva sobre os principais fitos políticos e económicos acontecidos ao longo destes anos constatan que Galiza tivo unha capacidade residual dacordo cos mecanismos establecidos no marco político institucional vixente. A integración na Unión Europea, cos efectos prexudiciais para sectores produtivos do país, a planificación das grandes infraestruturas, a reorganización do mapa financeiro galego, o deseño e aplicación do modelo tributario e de financiamento dos servizos básicos, a conformación dunha administración territorial propia que superara a decimonónica división provincial, por citar os máis ilustrativos, confirman que nunca houbo oportunidade desde Galiza de exercer un goberno con decisión e incidencia nas grandes definicións políticas que afectaron á nosa nación.

Mesmo co pretexto da crise, o propio marco político e institucional vixente despregou a capacidade plena para concentrar aínda máis o poder e para dar lexitimidade e respaldo legal a todas as iniciativas e medidas impostas dun xeito xerárquico e vertical ás decisións do Goberno central sobre todas as institucións. A denominada “recentralización” acometida nos últimos anos non constitúe soamente un proceso de asunción plena da capacidade de decisión política polas institucións centrais do Estado, senón a plasmación da vontade de manter un modelo político ferreamente controlado que negue calquera aspiración para avanzar democraticamente e permitir que cada nación poida determinar libremente o seu modelo institucional e de goberno. A constatación de que a centralización política pretende negar definitivamente a diversidade nacional do Estado español e seguir reforzando un deseño económico e social centralista contrario aos intereses das maiorías sociais de Galiza.

Este deseño político e institucional, ademais das políticas lesivas que impulsou o PP durante os anos de goberno, provocou resultados nefastos para o desenvolvemento de Galiza, para a prosperidade das maiorías sociais do país, dado que a maior parte dos

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indicadores demográficos e económicos evoluíron negativamente respecto doutros territorios e tamén moitas potencialidades do país víronse truncadas por decisións políticas adoptadas ou refrendadas (a partir da integración na Unión Europea) en Madrid.

Tamén, alén da análise socioeconómica, conlevou a través do sistema educativo e cultural dirixido desde as instancias centrais do Estado, a asimilación lingüística e cultural, desprazando a valorización da lingua e cultura galegas propias, relegando os elementos que nos identifican como nación.

A superación do modelo político vixente, dimanante da Constitución de 1978, acapara todo o protagonismo. O debate máis determinante no actual escenario político xira arredor da vontade de as nacións exerceren a súa soberanía, de avanzar cara un novo marco institucional baseado no exercicio da soberanía, do autogoberno real que leve aparellado a toma de decisións propias, no noso caso vinculadas exclusivamente aos intereses de Galiza.

Neste momento só caben dúas opcións, asistirmos como meros espectadores ou ben actuarmos como protagonistas para tomar as rédeas do noso futuro, facemos que Galiza se constrúa colectivamente desde o propio país sen agardar a que outros decidan por nós.

Non se pode negar lexitimidade a aspiracións de mudanza e superación do marco político que teña como horizonte construír un país mellor, avanzar na prosperidade para a maioría de galegas e de galegos. Porque precisamente ambos obxectivos só poden atinxirse baixo un novo marco institucional que recoñeza os dereitos das nacións, particularmente a exercer a soberanía e actuar con plena competencia nos asuntos fulcrais para o noso pobo. Un novo marco que ademais sexa unha panca para o progreso das galegas e galegos, pois non se trata simplemente de aspirar a decidir sobre o noso sen máis, senón porque en realidade aspiramos a mellorar as condicións de vida, a mantermos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 17:25
Nº Rexistro: 32578
Data envío: 19/06/2018 17:25:00.493

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con orgullo os nosos sinais de identidade, e só partindo da plena soberanía e decisión desde Galiza poderemos avanzar decididamente na mellora do país.

Existen, ademais, grandes desafíos a que hoxe debemos dar resposta como país, como a crise demográfica, o despoboamento e desequilibrio territorial, o agravamento das desigualdades, a garantía da capacidade produtiva, o dereito ao emprego e a vivenda, a precariedade laboral e a marxinación da mocidade, a igualdade de xénero ou a evolución sociolingüística.

Para os afrontar, resulta condición imprescindíbel unha acción política de fondo alcance, que actúe na remuda a fondo do marco político e institucional vixente, non simplemente en reformas superficiais ou parciais que manteñan unha estrutura política e económica que subordina e relega aos poderes galegos a seren executores de decisións consumadas.

A transformación do modelo político e institucional de Galiza ha de asentarse nos seguintes principios políticos:

- Podermos decidir na base produtiva e económica de Galiza para desenvolver unha promoción económica e do emprego adecuadas ás nosas potencialidades e capacidades.

-Contarmos cun modelo de financiamento propio en que a Galiza teña a plena capacidade para implantar unha política fiscal, desde a regulación até a recadación e xestión integrada a través dunha Facenda Galega, coa que facer uso pleno dos nosos recursos económicos para  financiar os servizos públicos básicos e con iso podermos aplicar políticas propias de redistribución social.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 17:25
Nº Rexistro: 32578
Data envío: 19/06/2018 17:25:00.493

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Exercermos en exclusiva a planificación, dirección e xestión dos servizos públicos ligados ao benestar, para dar adecuada cobertura ás nosas especificidades.

- Impulsarmos sen interferencias, en todos os ámbitos, os elementos que nos conforman como pobo e nos identifican como nación (lingua, cultura, patrimonio,...)

- Deseñarmos e articularmos a ordenación territorial e a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza.

- Garantirmos a capacidade de decisión de Galiza nas institucións estatais, europeas e internacionais nos asuntos que nos afectan.

- Podermos exercer libremente relacións internacionais propias, entre outras cousas para negociar directamente acordos económicos con terceiros países ou para podermos aproveitar o inmenso potencial neste ámbito do mundo lusófono.

Neste momento político, nesta circunstancia histórica, cómpre ter a coraxe política de dar un paso adiante e afrontar o debate das alternativas e solucións aos graves problemas reais da sociedade galega, e non simplemente dunha perspectiva partillada senón dunha análise e visión de conxunto dos efectos limitativos que o réxime político constitucional impón. Galiza precisa de acceder a un novo modelo político e institucional que implique a capacidade real de decidir sobre os seus asuntos en función dos intereses do pobo galego. Estamos convencidos que non admite demora abordalo, tanto pola precaria situación socioeconómica que reclama solución inmediatas como pola oportunidade derivada do momento político onde desde hai anos xa se situou como principal asunto no debate o modelo institucional.

Por todo iso, o BNG formula unha proposta para que se poña en marcha o proceso formal de revisión e superación do marco político e institucional vixente. O propio

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 17:25
Nº Rexistro: 32578
Data envío: 19/06/2018 17:25:00.493

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parlamento de Galiza debe ser o foro idóneo onde se dea forma e protagonismo a este proceso, e dun xeito urxente para poder conformar unha proposta galega, un grande acordo de país que -perante as fondas mudanzas institucionais e políticas que viran- nos serva para expresar a concretar o modelo político e institucional que recoñeza a soberanía da Galiza e nos permita avanzar social, cultural, económica e politicamente como pobo.

Por todo iso, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Pleno do Parlamento galego acorda constituír unha ponencia específica que teña por obxecto a análise e elaboración dunha proposta sobre o novo marco político e institucional de Galiza que garanta o noso dereito a decidir e sente as bases para o progreso e benestar do pobo galego."

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**
**Xosé Luis Rivas Cruz**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
**Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 19/06/2018 17:24:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2018 17:24:06**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 19/06/2018 17:24:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2018 17:24:11**

**Noa Presas Bergantiños na data 19/06/2018 17:24:12**

**Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2018 17:24:23**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 21/06/2018 14:13:36.272

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á defensa dunha axenda galega ante o Goberno do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é un país con enormes potencialidades e é posíbel reverter algúns dos síntoma preocupantes que alertan dun deterioro social en formar de paro, precariedade, emigración, desigualdade e recortes nos servizos públicos. Porén para cambiar estas tendencias, é preciso mudar as políticas económicas e sociais.

Estes anos de gobernos do PP deterioraron e privatizaron servizos públicos e non hai unha política económica orientada a crear emprego de calidade e frear procesos ben preocupantes como a despoboamento de zonas importantes e a crise demográfica. Porén, existen ámbitos importantes que na actualidade seguen dependendo de decisións que se toman lonxe de Galiza, tanto a nivel de Estado como nas institucións Europeas. Decisións que acaban sendo lesivas e poñen paus nas rodas ao desenvolvemento e mellora do benestar das galegas e dos galegos. Agravios e discriminacións que foron constantes nestes anos e que contaron sempre coa complicidade do Goberno Galego: veto a transferencia da AP-9, subas abusivas das peaxes, recortes na capacidade pesqueira de Galiza (destruíndo emprego e futuro na pesca), veto a un sistema de concerto económico, prórroga a ENCE, retrasos no Ave, veto ao servizo de cercanías

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 21/06/2018 14:13:36.272

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ferroviarias, débedas na lei da dependencia, veto a unha tarifa eléctrica galega.... Unha situación que condiciona e limita as potencialidades de Galiza. Unha situación que deixa en evidencia a ausencia dunha axenda de país do actual Goberno Galego que actuou subordinado e foi cómplice de todas e cada unha destas decisións.

O cambio de Goberno no Estado debe abrir unha nova etapa. Para iso debemos impulsar, desde o Parlamento, unha axenda galega que asuma un compromiso real na atención ás demandas da nosa sociedade.

Neste marco, desde o BNG consideramos necesario reclamar que se que reverta o dano causado á democracia e os dereitos, reclamando o fin da lei mordaza, da reforma laboral, da LOMCE, e a persecución de ideas políticas como no caso de Cataluña. Mais como galegas e galegos temos que reclamar un cambio en relación con Galiza e as nosas lexítimas aspiracións como pobo.

Para que Galiza saia da irrelevancia política actual e as demandas da nosa sociedade pasen a estar na axenda política é fundamental sumar forzas, reforzar un espazo político propio, coas ideas claras e o centro de decisión na propia sociedade galega.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento acorda como resolución reclamar ante o Goberno do Estado que se comprometa na actual lexislatura, con prazos concretos e orzamentos, a implementar unha axenda galega que reverta algunhas das discriminacións co noso país, e avancemos nun marco democrático con garantías de dereitos e liberdades -individuais e colectivas-. Dentro desta axenda galega deberán incluírse como mínimo as seguintes demandas:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 21/06/2018 14:13:36.272

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Transferencia da AP-9 e medidas para acabar coa fin da estafa das peaxes.

2. Derrogar a prórroga de ENCE e calendario para o traslado desta empresa da ría de Pontevedra.

3. Proceder á devolución do Pazo de Meirás e do conxunto de bens incautados polo franquismo en Galiza.

4. Pagamento da débeda do Estado con Galiza en materia de dependencia (186 millóns de euros).

5. Creación de xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.

6. Creación dunha tarifa eléctrica galega, que reduza nun 30% as peaxes que pagamos en Galiza na factura como compensación pola impacto ambiental e social das produción eléctrica no país.

7. Un modelo de financiamento xusto para os concellos galegos que remate coa discriminación de recibir de media 50 euros menos que o resto do Estado.

8. Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, que garanta a chegada do Ave a Galiza con dobre vía e as máximas medidas de seguridade, finalice o trazado do eixo atlántico (nomeadamente A Coruña-Ferrol; saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa) e impulse en todo o territorio galego as cercanías.

9. Demanda de incremento competencial: transferencia a Galiza das competencias do sistema portuario galego, dos portos de interese xeral e de tráfico e das

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencias en materia de lexislación laboral e normativa que permita a creación dun marco galego de relacións laborais.

10. Un novo modelo de financiamento xusto para Galiza, que nos permita autorresponsabilizarnos e ter capacidade para definir unha fiscalidade axeitada a realidade galega, baixo a fórmula de concerto económico.

11. Modificación da normativa legal do Estado para as administracións poderen proceder á recuperación da xestión directa dos servizos públicos no ámbito estatal, autonómico e municipal.

12. Derrogación da Lei Mordaza, a LOMCE e as contrarreformas laborais aprobadas durante os anos da recesión económica.

13. Blindar o sistema público de pensións incrementando as de menor cuantía. Actualización anual das pensións segundo IPC, recoñecemento da xubilación aos 65 anos, cómputo dos 15 mellores anos para o cálculo da pensión; establecemento do importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio e incremento das pensións non contributivas en 100 euros ao mes."

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Montserrat Prado Cores**
**Noa Presas Bergantiños**
**Olalla Rodil Fernández**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32700
Data envio: 21/06/2018 14:13:36.272

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 21/06/2018 14:12:31**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2018 14:12:39**

**Ana Pontón Mondelo na data 21/06/2018 14:12:41**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 21/06/2018 14:12:42**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/06/2018 14:12:43**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/06/2018 14:12:45**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32461
Data envío: 14/06/2018 18:51:50.706

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Francisco Casal Vidal, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Luis Villares Naveira,** deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación,** relativa aos informes de impacto medioambiental do Proxecto da Mina Touro-O Pino

Todos os ríos e regatos que arrodean a antiga mina de cobre de Touro e O Pino están contaminados. Confírmao Augas de Galicia cos datos das analíticas realizadas en todos os puntos de control da contorna da explotación mineira. Os resultados das análises, solicitados pola entidade ecoloxista Adega o pasado 9 de abril, son demoledores. Que saian á luz non nos sorprende, o que sorprende é que Augas de Galicia e a Xunta non tomasen medidas antes se coñecían de sobra a situación.
O resumo do achegado por Augas de Galicia é que: "a práctica totalidade dos cursos de auga que arrodean a antiga explotación mineira de Touro-O Pino amosan contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando a calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 quilómetros cadrados na contorna da mina, cando menos dende os últimos 10 anos”. Unha advertencia do que foi e do que podería pasar cunha nova megamina de máis ampla extensión.

Os datos que achega Augas de Galicia sobre as estacións de control de calidade demostran a elevada contaminación. No que ten que ver coas augas soterradas, por exemplo no rego de Pucheiras, a calidade ambiental é moi baixa pola presenza de substancias das denominadas prioritarias en canto á calidade das augas. Achouse cadmio e níquel, ademais de superarse as medias anuais de cobre

e zinc e unha alta acidez. Hai tamén cantidades doutros metais que superan os valores fixados para as augas de consumo.

A contaminación por metais pesados das augas soterradas esténdese no tempo até a actualidade, xa que recentes ensaios realizados entre 2017 e 2018 seguen amosando altas cantidades de cobre e zinc.

Do mesmo xeito, os resultados da estación que monitoriza a captación de augas superficiais para consumo humano amosan que se superaron en dous anos (2010 e 2013) os niveis de cadmio, ademais de darse valores altos noutras substancias contaminantes en 2016. No río Lañas, pola súa banda, tamén hai datos que amosan recentes picos de pH ácido en 2017 e superación dos valores paramétricos de aluminio e manganeso, o que requiriría dunha intensa depuración das augas para un posible consumo humano.

En canto aos datos do río Ulla, detéctanse picos de ferro en 2008 e 2013, aínda que os datos analíticos neste caso son insuficientes para valorar a calidade das augas e a súa evolución no tempo ou situación actual. Por todo elo sería imprescindible ampliar ditos estudos.

No que ten que ver coas mostraxes de vertidos, os datos facilitados por Augas de Galicia demostran que unha enxurrada de metais pesados baixa desde a mina ao Ulla. Así, aparecen importantes concentracións de cobre e zinc, ademais de cantidades de aluminio e manganeso tamén por riba dos valores paramétricos en todos os puntos. Moitos destes datos negativos déronse en análises recentes e corresponden ao curso medio do río, a máis de 10 quilómetros das antigas cortas mineiras.

Ademais, a bacía do río Brandelos tamén conta cunha intensa contaminación por substancias preferentes, fundamentalmente cobre e zinc, así como unha elevada acidez, así como outras moitas substancias daniñas nun río que drena tanto a antiga corta de Bama como a de Arinteiro. No caso do río Lañas, que drena unicamente esta última corta, a problemática é similar. Ademais, os resultados analíticos das canles sometidas a tratamentos de rexeneración, tal e como indica

Augas de Galicia, amosan a persistencia de altos niveis de metais pesados mesmo despois dos supostos “tratamentos”.

Por outra parte, sen telos aínda na nosa posesión, chégannos referencias dos informes de varios departamentos da Xunta sobre a mina de Touro - O Pino. En todos eles identifícanse numerosos aspectos negativos ou deficiencias na documentación.

Así, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias, advirte que a "reapertura de mina de cobre pode afectar gravemente á gandaría da zona se chegan a contaminarse os terreos derivados desa actividade ao poder ocasionar unha intoxicación por cobre da gandaría".

O Servizo de Montes de Medio Rural cualifica de "dificilmente viable" a promesa de Cobre San Rafael de rexenerar o terreo. Este departamento lembra que unha explotación mineira non está contemplada para a actual cualificación urbanística do terreo.

Desde a Dirección Xeral de Saúde Pública identifícanse numerosas carencias na proposta da mineira. Por exemplo, a promotora non identifica a poboación afectada, nin os usos da auga, nin avalía a posible contaminación por gas radón. Ademais, apunta a que "o plan de rehabilitación e peche non contén información detalla referente ao mantemento dos sistemas para o control e tratamento de drenaxes acedas".

A Dirección de Patrimonio Natural redacta un dos informes máis críticos. Así, sinala "incongruencias" nas medidas a tomar unha vez que conclúa a vida útil da mina. A promesa de depurar todas as augas "non se corresponde coa realidade, ao ser inevitables as filtracións".

Por último, Augas de Galicia informa que a documentación presentada "resulta ser insuficiente e non adecuada para emitir, en base a ela, unha correcta valoración de todas as posibles afeccións".

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Ante estes resultados de Augas de Galicia, e os informes dos diferentes departamentos administrativos damos por feito que a Xunta de Galicia non pode ser tan insensata de aprobar o Proxecto da Mina de Touro-O Pino.

Por todo o dito, **En Marea presenta a seguinte Interpelación:**

1.- Como valora a Xunta de Galicia todos os informes xa recibidos?

2.- Considera a Xunta de Galicia todos estes contundentes informes suficientes para ditaminar unha avaliación medioambiental negativa e non subsanable e, polo tanto, rexeitar de maneira definitiva o proxecto?

3.- A vista dos informes comentados, e unha vez rexeitado o novo proxecto para a mina, pensa a Xunta de Galicia exixir, aos actuais concesionarios da explotación, as accións necesarias para unha adecuada rexenaración ecolóxica e medioambiental das zonas afectadas?

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32461
Data envío: 14/06/2018 18:51:50.706



**Francisco Casal Vidal na data 14/06/2018 18:50:08**

**Antón Sánchez García na data 14/06/2018 18:50:17**

**Marcos Cal Ogando na data 14/06/2018 18:50:24**

**Luis Villares Naveira na data 14/06/2018 18:50:35**

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández** e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

En xullo do ano 2000, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas recoñecía o acceso básico á auga e ao saneamento como un dereito humano. Fundamentalmente, a auga é un dereito esencial para a vida e a dignidade dos seres humanos, polo que os servizos de auga e saneamento están vinculados a dereitos humanos e non poden ser xestionados só dende a lóxica do mercado.

As precipitacións medias en España téñense reducido nun 20 % nos últimos 15 anos, acompañadas de episodios de choivas intensas e torrenciais. Galicia resultou afectada nestes dous últimos anos por unha seca á que nos teremos que acostumar porque vai ser máis frecuente e intensa polo cambio climático e que debe crear conciencia na poboación. As nosas reservas hídricas nos encoros estaban en decembro de 2017 un 20 % por debaixo do habitual, cun déficit de precipitacións de case o 50 % no que ía de ano hidrolóxico, o que pon en solfa a confianza na existencia de concas tradicionalmente con capacidade de aportar auga a outras deficitarias.

Precísase unha xestión integral do ciclo da auga como recurso público que garanta o acceso de toda a cidadanía a este recurso. Garantía que abarque o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos das augas residuais e a protección dos ecosistemas acuáticos, arbitrando especiais medidas de protección para aqueles territorios que sexan depositarios de masas de auga para abastecemento. Cómpre unha transición hidrolóxica semellante á transición enerxética, incluída a realización dunha auditoría hidrolóxica como á solicitada na transición enerxética.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai apostar o Goberno galego pola xestión integral do ciclo da auga?
2. Está preocupado o Goberno galego polo estado das reservas hídricas nos encoros e das concas tradicionalmente con capacidade de aportar auga a outras?
3. Vai elaborar o Goberno galego e traer ao Parlamento, antes de que remate o ano 2018, un informe sobre transición hidrolóxica no que se inclúan unha auditoría hidrolóxica e medidas de consumo responsable?

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/06/2018 11:27:31**

**Raúl Fernández Fernández na data 15/06/2018 11:27:42**

**María Luisa Pierres López na data 15/06/2018 11:27:47**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 32599
Data envío: 20/06/2018 10:28:44.303

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A publicación de datos das persoas participantes en concursos públicos do Sistema Galego de Saúde inclúe, de maneira específica, a referencia aos que concursan pola vía libre e aos que o fan pola vía reservada ás persoas con algún tipo de discapacidade. A garantía de cobertura de todas as prazas conforme á lexislación vixente non debera ser unha imposición para evitar a garantía de salvagardar a protección de datos e a privacidade deles, incluso nestas circunstancias concretas.

Evitar a diferenciación debida a cuestións non de carácter puramente laboral, que é a cuestión que se trata nestes concursos e resolucións, pode entrar en choque con cuestións de confidencialidade e privacidade, e non favorecer outras consecuencias de tratamento.

É posible garantir igualmente a publicidade dos datos sobre a reserva de prazas e o respecto necesario e imprescindible aos números e porcentaxes en cada convocatoria. Para elo pódese evitar a publicidade de nomes concretos, e buscar outras alternativas como se fai noutro tipo de convocatorias, ou nos mesmos procedementos noutras administracións ou na mesma administración pero noutros departamentos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Como valora a Xunta de Galicia a posibilidade de adoptar medidas máis protectoras da confidencialidade de datos persoais nos concursos e resolucións dependentes da Consellería de Sanidade?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

2. Publica a Xunta de Galicia nomes completos e a súa identificación como persoas con algún tipo de discapacidade nas resolucións de concursos públicos de emprego da Consellería de Sanidade? Por que?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 20/06/2018 10:23:52**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2018 10:23:57**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 11:41
Nº Rexistro: 32609
Data envio: 20/06/2018 11:41:24.926

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do artigo 147 do Regulamento do Parlamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN.**

A comarca da "Mariña Occidental", que engloba os Concellos de Cervo, Xove, Ourol, O Vicedo e Viveiro, contaba en 2017 con 25.929 habitantes, cunha taxa de envellecemento de 191,59.

A "Mariña Central", que engloba os Concellos de Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e Valadouro, contaba en 2017 con 29.185 habitantes, cunha taxa de envellecemento de 172,44.

A "Mariña Oriental", que engloba os Concellos de Barreiros, A Pontenova, Ribadeo e Trabada, contaba en 2017 con 16.357 habitantes, unha taxa de envellecemento de 211,02; superior á media galega.

Falamos dun conxunto duns 1.600 km² cunha poboación de máis de 70.000 habitantes, concentrada fundamentalmente na costa, e mal comunicada.

Galicia ten un déficit de prazas residenciais para a terceira idade, cunha taxa de cobertura das máis baixas do Estado (1,08% fronte a 2,16% de media do conxunto do Estado, cos datos de 2017) e co maior grao de privatización das prazas en residencias da terceira idade (86% son de financiamento privado).

O prezo medio anual do custe dunha praza residencial pública en Galicia (IMSERSO, 2016) é de 17.998€, case 1500 €/mes, mestres que nunha residencia concertada é de 18.250 €, o que indica que é máis eficiente economicamente para a Xunta a xestión directa que o concerto.

A lista de agarda para residencias da terceira idade en Galicia oscila, nos últimos anos, entre as 1.500 e as 2.000.

As políticas sociais son competencia da Xunta, pero esta delega cada vez máis nos Concellos, aumentando a financiamento que deben achegar as entidades locais nos servizos sociais ou, como sucede na Mariña, cedendo a xestión de servizos (centros de día e residencias) que debería xestionar a Xunta directamente. Con todo, os municipios poden intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia (art. 2.1 LBRL). Respecto deste último precepto, a Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local incluíu un inciso para engadir a “estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira” como límite á atribución de competencias locais (art. 1.1, apartado 1).” Deste xeito, a prestación dos servizos sociais por parte das entidades locais estará suxeito á sostibilidade económica.

En canto aos servizos de atención á terceira idade, especificamente os centros de día e residencias, A Mariña conta cos seguintes recursos, seguindo o Rexistro Único de Prestadores de Servizos Sociais:

**Cervo** conta en 2018 cun novo servizo de residencia (54 prazas) e centro de día (25 prazas), que será xestionado pola “Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla la Mancha y Galicia”, cunhas tarifas de:

- 1.280 euros para os maiores sen limitacións na súa autonomía.
- 1.400 euros para Dependentes Grao 1.
- 1.450 euros Dependentes Grado 2.

- 1.500 euros Dependentes Grao 3.
- 890 euros para a atención diúrna en Centro de Día.
- 485 euros a atención nocturna en Centro de Día.

Esta residencia comezou a construírse en 2011, con financiamento da Xunta, e estaba prevista a súa apertura para 2013, pero o equipamento da mesma non se produciu ata 2016.

**Xove** non conta con prazas públicas en residencias de maiores nin centros de día.

**Ourol** non conta con prazas públicas en residencias de maiores nin centros de día.

**O Vicedo** non conta con prazas públicas en residencias de maiores nin centros de día.

**Viveiro** conta cun centro de día de iniciativa privada con ánimo de lucro, xestionado por Domus-VI, con 60 prazas, ningunha financiada.

Tamén conta cunha residencia de iniciativa privada con ánimo de lucro, xestionado por Domus-VI, con 150 prazas financiadas.

En Viveiro tamén conta cunha residencia privada (Residencia Betania), con 130 prazas, ningunha financiada.

Hai en Viveiro un centro de día de Alzheimer, de iniciativa pública, con 30 prazas financiadas.

**Alfoz** só conta con 10 prazas para maiores en vivendas comunitarias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 11:41
Nº Rexistro: 32609
Data envío: 20/06/2018 11:41:24.926



**Burela** conta cunha residencia de maiores autonómica con 88 prazas. Conta, ademais, cun centro de día público con 40 prazas.

**Foz**, logo de cinco anos, ten a posibilidade de abrir a nova residencia.

No acordo adoptado polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 27-10-2016 apróbase a proposta de convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Foz para a xestión da residencia e centro de día, previa cesión do inmoble e o equipamento correspondente, cunha duración de 2 anos máis unha posible prórroga de 2 anos, desde a sinatura do convenio, é dicir, desde o 31 de xullo de 2017.

Os prezos públicos da nova residencia están condicionados pola esixencia de sustentabilidade: "as tarifas serán obxecto de determinación no proceso de licitación e adxudicación, e deberán ser ofertadas polos licitadores, deberán ser autosuficientes para o financiamento do servizo e, en consecuencia a xestión indirecta do servizo mediante a concesión do mesmo, implicará a transferencia ao concesionario do risco operacional."

A mediados de xuño de 2018 aínda non está en funcionamento.

En febreiro de 2018, a empresa Canguro Express asinou un acordo de colaboración coa residencia da terceira idade de Foz (privada, con 33 prazas) para prestar servizos de persoal coidador por horas e en días soltos, cun prezo por hora de entre 6 e 8 euros, aínda que oficialmente conta con 11 persoas de Atención Directa no cadro de persoal.

Foz tamén conta cun centro de día privado con ánimo de lucro, con 40 prazas.

**Lourenzá** ten centro de día de iniciativa pública con 30 prazas.

O 3 de abril de 2017 abriuse o Centro de Día para Persoas Maiores San Rafael, en **Mondoñedo**, rexentado pola "Asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz Castilla la Mancha y Galicia" (que rexenta así mesmo o Asilo) con 32 prazas autorizadas, ningunha financiada pola Xunta.

En febreiro de 2018, a empresa Canguro Express asinou un acordo de colaboración coa residencia da terceira idade de Mondoñedo (privada, con 15 prazas) para prestar servizos de persoal coidador por horas e en días soltos, cun prezo por hora de entre 6 e 8 euros, aínda que oficialmente conta con 11 persoas de Atención Directa no cadro de persoal.

**O Valadouro** ten unha residencia xestionada pola Fundación San Rosendo, con 74 prazas, só 11 financiadas.

**Barreiros** non conta con prazas públicas de residencia nin centro de día.

**A Pontenova** non conta con prazas públicas de residencia nin centro de día.

**Ribadeo** ten un centro de día con 40 prazas financiadas e cun asilo con 44 prazas, de xestión privada. Ademais, a Xunta comprometérase a facer unha achega para a residencia da Deputación, que non efectivizou.

**Trabada** conta con residencia e centro de día da Deputación, con 30 e 20 prazas respectivamente.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben presentan a seguinte Interpelación:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 11:41
Nº Rexistro: 32609
Data envio: 20/06/2018 11:41:24.926



1. Considera a Xunta acaído o proceso de privatización dos centros de atención social ás persoas maiores que se está a dar na Mariña lucense?

2. Non considera a Xunta que a súa política de falta de aposta polas residencias públicas da terceira idade e centros de día públicos fomenta a precarización do emprego?

3. Como valora a Xunta a contratación por horas de persoas coidadoras para a atención das e dos maiores nos centros de día e residencias?

4. Vai a Xunta impulsar a dotación de máis prazas públicas en residencias de maiores e centros de día nos concellos da Mariña luguesa?

5. Como vai acceder o conxunto da sociedade mariñá aos servizos de residencia de maiores e centro de día cos prezos que se ofertan?

6. Por que a Xunta atrasou varios anos a súa contribución para a apertura das diversas residencias e centros de día na Mariña, incumprindo as súas propias promesas?

7. Cal é a demanda para residencias e centros de día públicos, desagregada por concellos, nas comarcas da Mariña Occidental, Central e Oriental?

8. Ten previsto a Xunta novos servizos de centro de día de Alzheimer nos concellos da Mariña?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 11:41
Nº Rexistro: 32609
Data envío: 20/06/2018 11:41:24.926



9. Vai a Xunta asumir a xestión directa da residencia de Foz se o Concello solicita a devolución da xestión ao Consorcio?

10. Vai a Xunta achegar fondos para as residencias impulsadas pola Deputación de Lugo?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 20/06/2018 11:33:35**

**Luis Villares Naveira na data 20/06/2018 11:33:44**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32764
Data envío: 25/06/2018 11:42:23.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á situación do sector do biodiésel en Galiza e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para o mantemento dos empregos e a innovación tecnolóxica.

Inevitabelmente, o futuro do sector enerxético en Galiza dependerá das políticas que se desenvolvan por parte Xunta de Galiza, mais tendo en conta tamén as decisións que se tomen tanto por parte do ámbito correspondente ao Goberno Central así como da Unión Europea. Polo tanto, son fundamentais as decisións propias de cara a posicionar Galiza de cara ao futuro diante dos cambios que poden ser postos en marcha no ámbito estatal e internacional, xa que condicionarán de maneira determinante a capacidade de Galiza de se adaptar e desenvolver de forma óptima a súa necesaria transición enerxética.

Para prepararse cara este escenario, Galiza debe apostar pola produción propia e diversificada de enerxía así como pola investigación a prol da sostibilidade. Neste sentido, un dos eidos aos que cómpre atender é o da produción de biodiésel. Un sector que nestes momentos ten sido reducido de forma importante ao tempo que no período de crise non foi obxecto de desenvolvemento dunha estratexia investigadora e innovadora que aproveitara as súas potencialidades para o aproveitamento enerxético.

A situación de paralización ou baixa produción das plantas de biodiésel galegos, especialmente na comarca de Ferrolterra, ten orixinado iniciativas parlamentares do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32764
Data envío: 25/06/2018 11:42:23.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

BNG. Sen ir máis lonxe, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 6 de xuño de 2013, adoptou os seguintes acordos canda outras cuestións referentes ás demandas ao goberno central diante da a Directiva europea 2009/28/CE.:

1. Impulsar, no marco das súas competencias, a recollida selectiva de aceites vexetais usados segundo as previsións do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020. Para este fin en colaboración cos concellos, traballarase na sensibilización da reciclaxe de aceites de frituras.

2. Potenciar a investigación na obtención de biodiésel de segunda xeración a partir de materia prima non alimentaria.

3. Facilitar a participación das empresas de biodiésel en proxectos de investigación.

Porén, unha vez máis, o esforzo do goberno galego foi inexistente, nomeadamente a respecto dos compromisos pendentes canto a investigación e innovación. Recentemente, as novidades desde o ámbito europeo canto aos aranceis e canto á progresiva e futura eliminación do aceite de palma da elaboración industrial sitúan de novo esta industria no foco e o momento que se está a vivir debe ser aproveitado pola administración galega para desenvolver unha planificación estratéxica e de adaptación da planta que fica en Galiza, Masol, que conta con instalacións e un cadro de persoal experimentado e que podería ser referente de investigación e produción innovadora pola súa situación estratéxica e pola forte potencialidade económica ao tempo que podería dinamizar unha comarca con dificultades socioeconómicas como é Ferrolterra.

Máis aínda, en pleno debate político e institucional arredor da transición enerxética é preciso poñer en valor e explorar as posibilidades destas plantas tamén

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32764
Data envío: 25/06/2018 11:42:23.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde o punto de vista da produción de combustíbeis máis sostíbeis e do aproveitamento de refugallos, ao que cómpre engadir as posibilidades en relación con outro tipo de industrias relacionadas con sectores como o farmacéutico, alimentario ou da industria química mediante a obtención dalgúns dos subprodutos que se poden obter.

Por todo o exposto formúlase a seguinte Interpelación:

-Como avalía o goberno galego o estado do sector do biodiésel en Galiza?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo para favorecer a investigación no sector? E a adaptación a novos materiais para a súa fabricación?

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego diante dos obxectivos europeos acordados en xuño de 2018 a respecto do horizonte de renovábeis?

-E respecto da progresiva eliminación do aceite de palma?

-Ten avaliado a repercusión da política de aranceis a Indonesia e Arxentina no sector? En que termos e con que conclusións?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:42
Nº Rexistro: 32764
Data envío: 25/06/2018 11:42:23.081

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2018 11:38:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2018 11:38:46**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2018 11:38:48**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/06/2018 11:38:50**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2018 11:38:52**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/06/2018 11:38:54**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

Durante o presente ano, a Xunta de Galicia, concretamente o departamento de Turismo, ven realizando unha intensa campaña de promoción exterior, da oferta para a práctica da bicicleta de Montaña BTT en Galicia. Así a Xunta está a promocionar a oferta relacionado cos catro centros de BTT cos que contamos en Galicia. O Salnés, Portas de Galicia, Ribeira Sacra e Serra do Xurés.

O problema ven cando a realidade trunca a propaganda do Partido Popular na Xunta de Galicia, realidade exposta por numerosos usuarios deste centros, que logo de gastar as subvencións e orzamentos dos proxectos, son directamente abandonados e a día de hoxe presenta un aspecto lamentable.

A información da Xunta sobre estes espazos indica que existen centros de acollida, servizos de aluguer de bicicletas, limpeza, sinalización e rutas convenientemente trazadas, a realidade que atopan os usuarios é camiños ocupados pola maleza por falta de mantemento e desbroze, que os trazados apenas son perceptible ou que apenas existe sinalización que permita seguir a ruta. Un Exemplo a ruta que parte de Luíntra que a día de hoxe contén postes caídos, sinalizacións ilexible, árbores caídas sobre o trazado, e un largo etcétera de despropósitos.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto os deputados asinantes presentan a seguinte Interpelación:

Cal é o motivo da falta de mantemento e a situación actual deste interesante proxecto que permitiría diversificar a nosa oferta turística e de ocio?

Cando ten previsto actuar o goberno galego para solucionar esta lamentable situación?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 25/06/2018 13:52:48**

**Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 13:52:52**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

**Á Mesa do Parlamento**

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández** e **María Luisa Pierres López**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En xullo do ano 2000, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas recoñecía o acceso básico á auga e ao saneamento como un dereito humano. Fundamentalmente, a auga é un dereito esencial para a vida e a dignidade dos seres humanos, polo que os servizos de auga e saneamento están vinculados a dereitos humanos e non poden ser xestionados só dende a lóxica do mercado.

As precipitacións medias en España téñense reducido nun 20 % nos últimos 15 anos, acompañadas de episodios de choivas intensas e torrenciais. Galicia resultou afectada nestes dous últimos anos por unha seca á que nos teremos que acostumar porque vai ser máis frecuente e intensa polo cambio climático e que debe crear conciencia na poboación. As nosas reservas hídricas nos encoros estaban en decembro de 2017 un 20 % por debaixo do habitual, cun déficit de precipitacións de case o 50 % no que ía de ano hidrolóxico, o que pon en solfa a confianza na existencia de concas tradicionalmente con capacidade de aportar auga a outras deficitarias.

Precísase unha xestión integral do ciclo da auga como recurso público que garanta o acceso de toda a cidadanía a este recurso. Garantía que abarque o abastecemento, a calidade e a seguridade para a saúde das persoas, o mellor tratamento posible para os vertidos das augas residuais e a protección dos ecosistemas acuáticos, arbitrando especiais medidas de protección para aqueles territorios que sexan depositarios de masas de auga para abastecemento. Cómpre unha transición hidrolóxica semellante á transición enerxética, incluída a realización dunha auditoría hidrolóxica como á solicitada na transición enerxética.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2018 11:31
Nº Rexistro: 32470
Data envío: 15/06/2018 11:31:45.138

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai elaborar o Goberno galego, antes de que remate o ano 2018, un informe sobre transición hidrolóxica no que se inclúa unha auditoría hidrolóxica para establecer medidas de consumo responsable?

Pazo do Parlamento, 14 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 15/06/2018 11:29:35**

**Raúl Fernández Fernández na data 15/06/2018 11:29:41**

**María Luisa Pierres López na data 15/06/2018 11:29:46**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2018 17:47
Nº Rexistro: 32507
Data envío: 18/06/2018 17:47:13.799

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Desde os anos 50 que se puxo en marcha a Política Agraria Común (PAC), son moitas as revisións e adaptacións que se levan efectuado. Aínda que a que se está a debater nestes momentos segue pivotando entre os tres principais piares da PAC: axudas directas, xestión de mercados e desenvolvemento rural, esta nova revisión, esperta moitos temores como pode ser a perda de recursos. Esta perda tería un grande impacto ao longo e ancho do noso territorio.

Galicia, pola peculiaridade das súas producións e polo déficit histórico na percepción de axudas da Política Agraria Comunitaria, así como pola redución do orzamento a nivel comunitario xógase moito na negociación e posterior aplicación que a nivel Estado se faga destas axudas, sobre todo no que se refire ás axudas directas (primeiro piar).

De todos é ben coñecido a grande influencia que ten en Galicia a PAC. Por exemplo, no período actual de reparto, 2014 - 2020, Galicia recibirá, previsiblemente, 4.150 millóns de euros, recibindo cada beneficiario uns 5.750 euros anuais. Soamente no último ano, Galicia recibiu fondos da PAC por un total de 190 millóns de euros a repartir entre 33.000 beneficiarios.

O recorte que propón a Comisión Europea é debido ao novo escenario que nos atopamos e ao novo rumbo que quere tomar a UE. Por un lado, atopámonos nun escenario de post BREXIT no que Reino Unido deixará de aportar unha grande suma de fondos ás arcas comunitarias e, por outro lado, o novo rumbo da UE está marcado pola seguridade e defensa común como nova prioridade dos, proximamente, 27 Estados.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2018 17:47
Nº Rexistro: 32507
Data envío: 18/06/2018 17:47:13.799

Grupo Parlamentario

Cal é a posición do Goberno galego respecto á redución de orzamento da PAC que se está propoñendo desde a UE?

Pazo do Parlamento, 18 de xuño de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/06/2018 17:39:46**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 18/06/2018 17:39:57**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 10:57
Nº Rexistro: 32529
Data envío: 19/06/2018 10:57:01.793

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas,** deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito

relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- A que é debido este incremento da débeda?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 10:54:27**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas,** deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 10:58
Nº Rexistro: 32530
Data envio: 19/06/2018 10:58:05.465



relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Como é posible que en Galicia a débeda se incremente nun 4,81% e para o conxunto das CCAA o incremento sexa do 0,54%?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 10:53:39**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 10:59
Nº Rexistro: 32531
Data envío: 19/06/2018 10:59:03.121

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas,** deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito

relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Como explica a Xunta que Galicia sexa a Comunidade Autónoma onde máis se incrementa a débeda?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 10:53:05**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas,** deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 10:59
Nº Rexistro: 32532
Data envio: 19/06/2018 10:59:31.808



relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Que parte desta débeda é levada a cabo a través dos mecanismos extraordinarios de financiamento?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 10:52:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:00
Nº Rexistro: 32533
Data envío: 19/06/2018 11:00:01.027

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas,** deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito

relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Que parte desta débeda se establece cos bancos?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 10:52:19**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:00
Nº Rexistro: 32534
Data envío: 19/06/2018 11:00:45.105

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas,** deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:00
Nº Rexistro: 32534
Data envio: 19/06/2018 11:00:45.105



relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- Cales son as entidades financeiras coas que Galicia se endebeda?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 10:49:42**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 11:01
Nº Rexistro: 32535
Data envío: 19/06/2018 11:01:23.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Manuel Lago Peñas,** deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Os datos publicados polo Banco de España sobre a evolución da débeda das CCAA son profundamente preocupantes para Galicia. En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora, no primeiro trimestre do ano 2018, é de 11.750 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

En dez anos endebedámonos en 7.796 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores. En dúas lexislaturas, dúas veces máis que nas sete previas dende que recuperamos o autogoberno.

Os últimos datos poñen de manifesto que Galicia é a Comunidade Autónoma, das de Réxime Común, onde maior incremento se produce da débeda no primeiro trimestre do ano 2018. Deste xeito, Galicia pasa dunha débeda de 11.211 millóns de euros ao peche do ano 2017 a unha débeda que acada un volume de 11.750 millóns no primeiro trimestre do ano 2018, un incremento bruto de 540 millóns de euros.

No conxunto das CCAA, o incremento bruto foi de 1.570 millóns de euros, o que representa en termos relativos o 0,54%. Pola contra en Galicia o incremento foi o 4,81% e só Estremadura e Aragón se aproximan ao incremento galego, cun aumento do 4,47% e do 3,4% respectivamente. O incremento galego afástase da redución da débeda que se da en Valencia, Cantabria ou Canarias, cunha redución do 1,62%, 1,25% e 0,85% respectivamente. Pero ademais o feito

relevante é que o 32% do incremento da débeda no conxunto das CCAA é debido a Galicia.

Ante o manifestado nos parágrafos anteriores, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte pregunta:

- No caso de ser establecidas con bancos, cal é o custe?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 10:48:07**

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, solicitou permiso para a instalación dunha tirolina e un parque multiaventura de 300 metros cadrados na praia Compostela durante o verán deste ano, entre 30 de xuño e 12 de agosto. Foi aceptado polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.

O Concello de Ponteceso, solicitou a ocupación dunha parcela no dominio público portuario de Corme, con destino á celebración dunha actividade recreativa que consistía na instalación dunha tirolina. Non obstante, neste caso non foi aprobado porque a actividade, segundo Portos de Galicia, "non se atopa entre os eventos lúdicos autorizables".

Dúas solicitudes similares, a distintos entes, que obteñen resultados diferentes, pero que ambas perseguen un fin común: a dinamización económica das vilas, e o entretemento dos máis novos, especialmente nos meses de verán.

Este é un caso máis que hai que engadir aos graves inconvenientes que está a causar a aplicación da resolución do 26/09/2017 de Portos de Galicia, da Consellería do Mar, pola que se regulan os criterios de autorización de ocupación de dominio público portuario con destino á celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas.

E isto é así porque non se adapta á realidade social, na que os espazos portuarios que, nunha boa parte dos concellos, se atopan integrados nos núcleos de poboación, e aí lévanse desenvolvendo actividades diarias, algunhas de carácter tradicional e outras, non tanto, pero que pretenden adaptarse ás novas demandas sociais. Deste xeito, todos os esforzos que fan as administracións locais para atraer e reter xente, atópanse coas trabas constantes do Goberno galego, o cal non deixa de ser paradoxal, porque todas as administracións deberían remar a favor de repoboar Galicia de xente nova que traia dinamismo ás ditas poboacións.

Todo isto non é mais que o reflexo dunha forma de gobernar e dunha ideoloxía que privilexia uns intereses que, a maior parte das veces, non son os comúns ou os xerais, como cabería esperar do uso dos bens públicos. Unha forma de gobernar na que se regula de costas ás persoas que ao final son as que teñen que convivir cada día con estas regulacións, e ao final unha boa parte dos esforzos destínanse á adaptación das novas regulacións que parecen provir do descoñecemento da realidade social galega.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego das distintas interpretacións sobre o uso dos espazos públicos?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 19/06/2018 11:00:55**

**Julio Torrado Quintela na data 19/06/2018 11:01:09**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:11
Nº Rexistro: 32551
Data envío: 19/06/2018 13:11:12.433

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Eva Solla Fernández,** deputada do **Grupo Parlamentar de En Marea** , ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte ***PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno.***

O pasado venres 15 de xuño o Conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, deixou caer durante a súa visita ao Hospital do Salnés que o ambulatorio de Vilagarcía podería pechar pola tarde durante o verán. A xustificación sería, neste caso, o dereito a un período de vacacións dos traballadores e traballadoras do Ambulatorio.

Dende En Marea queremos denunciar non só o intento por parte da Consellería de Sanidade de continuar reducindo os dereitos sociais da cidadanía galega, atacando os servizos públicos máis básicos, senón a demagoxia ca que o concelleiro pretende xustificar unha medida antisocial máis. Se ben o persoal do Ambulatorio ten todo o dereito a coller unhas vacacións, a cidadanía de Vilagarcía ten todo o dereito a continuar tendo un ambulatorio operativo ao longo do verán, etapa na que, ademais, se fai especialmente necesario.

A solución, entón, non pasa nin por negarlle os seus dereitos aos e ás traballadoras nin por pechar o Ambulatorio, senón por dotar á sanidade galega do persoal substituto necesario en verán e no resto do ano.

Así pois, polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:11
Nº Rexistro: 32551
Data envío: 19/06/2018 13:11:12.433

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

-Ten pensado o Conselleiro de Sanidade reducir o horario de atención no centro de Atención Primaria de San Roque, en Vilagarcía de Arousa?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 19/06/2018 13:10:02**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:19
Nº Rexistro: 32555
Data envío: 19/06/2018 13:19:24.386

GRUPO PARLAMENTAR en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Eva Solla Fernández**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno.**

O 30 de abril de 2018, a Xunta comezou o proceso de información pública do novo Plan de Transporte, coa publicación do anuncio da Dirección Xeral de Mobilidade polo que se somete a información pública o documento base do Plan de transporte público de Galicia. Neste novo documento, contémplanse para o sur de Lugo novas liñas, ningunha das cales conecta Folgoso ou Seoane do Courel. Así, os centros de saúde de dito municipio son os únicos da zona sur que quedan sen conexión con liñas de transporte público; de feito, o centro de saúde de Seoane nin sequera se contempla no mapa.

Ademais, non hai concreción suficiente sobre o transporte a demanda nin se sinalan medidas alternativas acaídas ao modelo territorial e social do sur lucense, tales como o transporte a demanda en vehículos de pequeno tamaño.

Dende En Marea consideramos que é preciso acometer un verdadeiro diálogo social que permita establecer a mobilidade de viaxeiros/as por estrada adecuada ao noso País e que, particularmente, cubra as necesidades da poboación das comarcas do sur de Lugo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:19
Nº Rexistro: 32555
Data envío: 19/06/2018 13:19:24.386

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Nunha resposta a unha pregunta de En Marea, indicaba a Xunta que hai outras melloras introducidas no plan "como a recuperación de conexións no Courel mediante servizos de transporte integrados, servizos respecto dos que tamén se prevé a posibilidade da súa mellora nesta fase de implantación mediante unha ampliación do seu ámbito de cobertura. E nos próximos meses iranse incorporando novos sistemas de información ás persoas usuarias e de xestión de servizo baixo demanda". Lonxe de "recuperar" conexións no Courel, esta zona exclúese no novo Plan de Transporte, quizais tendo en conta que nas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (DOT), no Courel non ten sido identificado ningún núcleo como nodo para o equilibrio do territorio; ademais, esta zona acusa unha falta evidente dunha rede de estradas acaída.

Polo exposto, as deputadas e deputados que subscriben, formulan a seguinte Pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral en Pleno:

- Como vai garantir a mobilidade en transporte público colectivo da poboación do Concello de Folgoso do Courel?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 19/06/2018 13:17:58**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 19/06/2018 13:18:02**

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**Carmen Santos Queiruga na data 19/06/2018 13:18:06**

**Antón Sánchez García na data 19/06/2018 13:18:09**

**Eva Solla Fernández na data 19/06/2018 13:18:13**

**Luca Chao Pérez na data 19/06/2018 13:18:16**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 13:18:19**

**Luis Villares Naveira na data 19/06/2018 13:18:24**

**Magdalena Barahona Martín na data 19/06/2018 13:18:27**

**José Manuel Lago Peñas na data 19/06/2018 13:18:30**

**Francisco Casal Vidal na data 19/06/2018 13:18:33**

**David Rodríguez Estévez na data 19/06/2018 13:18:36**

**Marcos Cal Ogando na data 19/06/2018 13:18:39**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 19/06/2018 13:18:43**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:57
Nº Rexistro: 32567
Data envío: 19/06/2018 13:57:17.652

GRUPO PARLAMENTAR en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García** e **Paula Quinteiro Araujo**, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno,** sobre a proposta de regulación do etiquetado da leite.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia –o organismo independente ao que lle corresponde regular os mercados e garantir e promover unha competencia efectiva–, emitiu recentemente un informe sobre a proposta de regulación do etiquetado da leite, atendendo así a solicitude do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente sobre o Proxecto de Real Decreto que aborda esa cuestión.

A finalidade do Proxecto de Real Decreto é facer explícita a orixe da leite de tódolos produtos lácteos elaborados en España que se comercialicen no noso país, de tal xeito que o consumidor estea informado ao respecto.

A conclusión da CNMC é que, efectivamente, a procedencia xeográfica dos produtos pode ser un dato de interese para os consumidores e as empresas teñen a potestade de indicala na etiquetaxe. Non obstante, rexeita a obrigatoriedade de sinalar a orixe da leite porque entende que iso pode contribuír a compartimentar o mercado en diferentes zonas xeográficas e restrinxir a libre circulación de mercadorías. Desta maneira, Competencia pon en cuestión un aspecto central do acordo lácteo firmado en Madrid fai dous anos e medio, un pacto que foi asumido polo Ministerio, a Xunta, os produtores, as industrias e a distribución.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:57
Nº Rexistro: 32567
Data envio: 19/06/2018 13:57:17.652

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Custa entender as dúbidas que manifesta Competencia ante o etiquetado, tendo en conta que a medida favorecería aos consumidores. Só se comprenden se o obxectivo é favorecer os intereses das multinacionais estranxeiras.

Tampouco se entenden cando observamos o que sucede na nosa contorna. Países como Francia, Italia, Portugal, Grecia, Finlandia ou Lituania levan tempo etiquetando a leite, e iso non supuxo ningún colapso do mercado.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada asinantes, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que avaliación fai a Xunta de Galicia do informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia?

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez
Antón Sánchez García
Paula Quinteiro Araujo
Deputados e deputada do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/06/2018 13:54:58**

**Antón Sánchez García na data 19/06/2018 13:55:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 13:57
Nº Rexistro: 32567
Data envio: 19/06/2018 13:57:17.652

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 13:55:15

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32573
Data envío: 19/06/2018 14:39:18.449

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García** e **Paula Quinteiro Araújo**, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** sobre o informe elaborado por Greenpace sobre a planificación en Galiza no que atinxe á loita contra os incendios forestais.

Levamos tempo advertindo que os lumes prenden nas épocas de máis calor, pero apáganse durante todo o ano,  invertendo en políticas de prevención, de ordenación do territorio, de coidado dos nosos montes e da nosa terra. Non obstante, semella que á Xunta isto non lle importa demasiado. Segundo un recente informe elaborado por Greenpeace, Galicia conta cunha planificación moi deficiente no que atinxe a loita contra o lume.

As consecuencias do desleixo do Goberno en materia de prevención dos lumes e xestión de emerxencias padecémolas todos os anos. A nosa terra non arde por casualidade. Arde porque dende as institucións non se fomenta unha ordenación cabal do monte que favoreza o seu coidado e a súa explotación. Esa é a dura realidade que o Partido Popular prefire non afrontar, xa que iso suporía recoñecer que non está cumprindo coas súas obrigas.

Para evitar asumir as súas responsabilidades, dende a Xunta de Galicia difundiuse o relato de que os incendios foran provocados por unha trama organizada de terroristas ambientais. A historia coñecémola ben. É a mesma que se conta dende o goberno autonómico cada vez que o lume pon en cuestión a súa eficacia xestionando o monte e levando a cabo as labores de prevención que lle son propias. Porén, trátase dun relato que carece de base nos feitos, como xa quedou demostrado.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O informe de Greenpeace tamén sinala que ningún dos 313 concellos galegos conta cun plan de emerxencia de loita contra o lume, malia que a Lei de Montes obriga ás comunidades autónomas a ter plans preventivos nas áreas de alto risco e Protección Civil obriga aos concellos situados nesas zonas a desenvolver plans de emerxencia. Isto dificulta, aínda máis, facer fronte aos incendios que tódolos veráns asolan a nosa terra.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

- Por que a Xunta de Galicia non respondeu á petición de información que lle fixo Greenpeace para elaborar o seu informe sobre os lumes?

Santiago de Compostela a 19 de xuño de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,
Antón Sanchez García
Paula Quinteiro Araújo,
Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**David Rodríguez Estévez na data 19/06/2018 13:48:37**

**Antón Sánchez García na data 19/06/2018 13:48:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32573
Data envío: 19/06/2018 14:39:18.449

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 13:49:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32588
Data envío: 19/06/2018 19:31:00.446

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Quinteiro Araújo,** deputados e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** sobre a asignación ao grupo de cotización 8 as categorías Bombeiro forestal condutor (14A) e bombeiro Forestal (014).

Dende En Marea, levamos demandando que se sitúe ao persoal do Spdcif no grupo de cotización axeitado, e tamén que se utilicen dende tódolos estamentos dependentes da Xunta as denominacións de Bombeir@s Forestais tal e como recolle o acordo de 8 de setembro de 2016.

Analizando as vidas laborais das categorías de bombeiro forestal do SPDCIF, máis en concreto os grupos de cotización correspondentes as categorías 14A (bombeiro forestal condutor) e 014 (bombeiro forestal), comprobamos que o grupo de cotización asignado é o grupo 10, traballadores maiores de 18 anos non cualificados.

Debido ao grado de especialización do SPDCIF, que esta incluído na lei nacional de protección civil, no artigo 17 da mesma e traballando con moita frecuencia en lumes de situación 0, situación 1 e situación 2, resúltanos moi difícil de entender como estas categorías están escuadradas no citado grupo de cotización 10, xa que os traballadores do SPDCIF, tecnicamente falando, teñen un grado de especialización suficiente como para incorporalos no grupo de cotización 8, máis aínda sabendo que isto o único que fai é encadralos no grupo de cotización adecuado sen que supoña ningunha modificación económica.

Estamos vendo que nos chamamentos feitos pola Xunta de Galicia a través das súas Xefaturas Territoriais seguen empregando a denominación Peón SPDCIF,

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Peón condutor SPDCIF, Xefe de brigada SPDCIF e condutor motobomba SPDCIF.

En cambio a Subdirección de Persoal da Consellería de Medio Rural en cada documento emite recoñecer a verdadeira categoría profesional de Bombeiro Forestal do SPDCIF, Bombeiro Forestal condutor SPDCIF, Bombeiro Forestal Xefe de brigada SPDCIF e Bombeiro Forestal condutor autobomba do SPDCIF, tal como vén reflexado no acordo do 8 de setembro de 2016 entre a Xunta e as organizacións sindicais, publicado no DOG nº 14 do venres, 20 de xaneiro de 2017.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte pregunta:

- Cal é o motivo polo que non se asigna ao grupo de cotización 8 as categorías Bombeiro forestal condutor (14A) e bombeiro Forestal (014)?

Santiago de Compostela a 19 de xuño de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Paula Quinteiro Araújo

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32588
Data envio: 19/06/2018 19:31:00.446

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**David Rodríguez Estévez na data 19/06/2018 19:25:18**

**Antón Sánchez García na data 19/06/2018 19:25:31**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/06/2018 19:25:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 32600
Data envío: 20/06/2018 10:28:58.694

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A publicación de datos das persoas participantes en concursos públicos do Sistema Galego de Saúde inclúe, de maneira específica, a referencia aos que concursan pola vía libre e aos que o fan pola vía reservada ás persoas con algún tipo de discapacidade. A garantía de cobertura de todas as prazas conforme á lexislación vixente non debera ser unha imposición para evitar a garantía de salvagardar a protección de datos e a privacidade deles, incluso nestas circunstancias concretas.

Evitar a diferenciación debida a cuestións non de carácter puramente laboral, que é a cuestión que se trata nestes concursos e resolucións, pode entrar en choque con cuestións de confidencialidade e privacidade, e non favorecer outras consecuencias de tratamento.

É posible garantir igualmente a publicidade dos datos sobre a reserva de prazas e o respecto necesario e imprescindible aos números e porcentaxes en cada convocatoria. Para elo pódese evitar a publicidade de nomes concretos, e buscar outras alternativas como se fai noutro tipo de convocatorias, ou nos mesmos procedementos noutras administracións ou na mesma administración pero noutros departamentos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Como valora a Xunta de Galicia a posibilidade de adoptar medidas máis protectoras da confidencialidade de datos persoais nos concursos e resolucións dependentes da Consellería de Sanidade?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 10:28
Nº Rexistro: 32600
Data envio: 20/06/2018 10:28:58.694

Grupo Parlamentario

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 20/06/2018 10:27:09**

**Noela Blanco Rodríguez na data 20/06/2018 10:27:15**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Rodríguez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

No Diario Oficial de Galicia do 17 de xaneiro de 2018, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria publicou a Orde *do 5 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia e ás agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

O obxecto destas axudas económicas é a mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos locais destinados a actividades culturais das corporacións locais e das súas entidades públicas, cunha dotación orzamentaria de 500.000 € e un prazo máximo de notificación aos interesados de cinco meses a contar desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Á vista desta situación as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales son os beneficios que persegue o Goberno galego na concesión destas axudas priorizando as presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/06/2018 19:04:11**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 19/06/2018 19:04:20**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

**Maria de la Concepción Burgo López na data 19/06/2018 19:04:36**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 12:40
Nº Rexistro: 32620
Data envío: 20/06/2018 12:40:03.379

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 8 de xaneiro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 4 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018, cunha dotación orzamentaria de 2.319.999 €.

A convocatoria que establece como beneficiarios os concellos de Galicia que, de forma individual ou mediante asociacións ou agrupacións, que teñan menos de 30.000 habitantes e co obxecto de, segundo se recolle no artigo 1, mellorar ou crear infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais que se detallan:

a) Instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública.

b) Pavimentación de vías públicas municipais.

c) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de espazos públicos: prazas, paseos, rúas, parques públicos e parques infantís.

d) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios de dependencias municipais destinados á prestación de servizos básicos e/ou dotación de equipamentos destes edificouse dependencias.

e) Construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de instalacións deportivas de uso público e/ou dotación de equipamentos das referidas instalacións.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que esta subvención acadou os obxectivos perseguidos e establecidos na propia orde de subvencións?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/06/2018 19:12:55**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 19/06/2018 19:13:04**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 19/06/2018 19:13:11**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 12:41
Nº Rexistro: 32623
Data envío: 20/06/2018 12:41:55.035

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 19 de xaneiro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 4 de xaneiro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e anúnciase a convocatoria para o ano 2018; co obxecto de fomentar a accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística.

Para a concesión desta subvención, consignouse un crédito orzamentario inicial de 2.500.000 euros ampliado o 16 de marzo de 2018 en 404.589,40 euros, acadando un total de 2.904.589,40 euros.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:

Ten o Goberno galego elaborado algún plan sobre a oferta turística nas zonas rurais?

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2018 10:38:55**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 20/06/2018 10:39:01**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/06/2018 10:39:12**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:06
Nº Rexistro: 32628
Data envío: 20/06/2018 13:06:02.363



Á Mesa do Parlamento



Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Sala III, do Contencioso-Administrativo, do Tribunal Supremo estableceu como doutrina que o método de comprobación do valor real dos inmobles, aos efectos do cálculo do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais, que posibilita a Lei xeral tributaria, que consiste en multiplicar o valor catastral por un coeficiente, non é idóneo nin axeitado, salvo que se complemente cunha comprobación directa por parte da Administración do inmoble concreto sometido a valoración.

O Tribunal fixa esta doutrina en catro sentenzas ditadas nos últimos días, nas que os cidadáns declaraban como valor o prezo declarado na escritura de compra, mentres que a Xunta de Castela-A Mancha pretendía elevar os ditos valores declarados para efectuar a liquidación do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais.

Polo que a Xunta de Galicia ten que aplicar os cambios necesarios para a adaptación da normativa.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cando vai a Xunta de Galicia modificar a Orde do 26 de decembro de 2016, pola que se modifica a Orde do 28 de decembro de 2015 pola que se regulan os medios de comprobación do valor dos bens inmobles que se utilizarán, dos previstos no artigo 57 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no ámbito dos impostos sobre sucesións e doazóns e sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, así como a normativa técnica xeral, co fin de adaptar a normativa á nova doutrina sobre o método de comprobación do valor real de inmobles aos efectos do cálculo do Imposto sobre transmisións patrimoniais?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:06
Nº Rexistro: 32628
Data envío: 20/06/2018 13:06:02.363

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 19 de xuño de 2018

Partido dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2018 13:02:25**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 20/06/2018 13:02:32**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:21
Nº Rexistro: 32640
Data envío: 20/06/2018 13:21:42.379

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez,** deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** relativa aos dereitos das persoas LGTBI.

O Parlamento Europeo vén de emitir o seu informe sobre a situación dos dereitos fundamentais na unión en 2016, con data 13 de febreiro de 2018, no cal anima a los Estados membros a que adopten leis e políticas de loita contra a homofobia e a transfobia e insta á Comisión e aos Estados membros a que traballen en estreita cooperación coas organizacións da sociedade civil que traballan a prol dos dereitos das persoas LGBTI.

Entre outros documentos internacionais nos que se recolle de xeito explícito o dereito á non discriminación por orientación sexual, podemos citar os Principios de Yogyakarta, a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do ano 2000, onde se prohibe a discriminación exercida por causa de orientación sexual entre outras; a Resolución do 8 de febreiro de 1994 do Parlamento Europeo, sobre a igualdade de dereitos dos homosexuais e das lesbianas da Comunidade Europea e sobre a igualdade xurídica e contra a discriminación de lesbianas e gais, na que se insta a todos os Estados Membros a velar pola aplicación do principio de igualdade de trato, con independencia da orientación sexual das persoas interesadas; a Resolución do Parlamento Europeo sobre a homofobia en Europa, aprobada o 18 de xaneiro de 2006; a Resolución 17/19 do 2011, do Consello da ONU que recoñece os dereitos dos colectivos LGTB e unha declaración formal de condena dos actos de violencia e discriminación en calquera lugar do mundo por razón da orientación sexual e identidade de xénero; as Directivas 2000/43/CE e 2000/78/C incorporadas a lexislación estatal

mediante a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social.

A Lei 2/2014 Lei 2/2014 pola igualdade e non discriminación de persoas LGTBI en Galicia recolle no capítulo referido ao ámbito educativo que a Administración ten que promover a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, te asemade desenvolver programas de formación do persoal docente, ben sexa co xa existente e no estabelecemento de pautas para incorporar a realidade LGBTI aos plans de estudos de Grao ou Mestrados de titulacións conducentes á docencia en calquera etapa educativa".

A Consellería debera dicirnos se existen traballos de divulgación da realidade LGTBI entre as ANPAS. O único ao que parece limitarse a Consellería é a recoller na orde do calendario escolar unha simple declaración instando aos centros a que actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais. Máis nada.

A administración Educativa amosa desleixo. Na maioría dos casos desenvólvense poucas actividades de visibilidade e respecto da diversidade afectivo-sexual. É obriga da Consellaría desenvolver a propia Lei, co obxectivo de loitar contra o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero e de promover, dunha maneira efectiva, unha formación docente que garanta que o profesorado conta con todas as ferramentas precisas para apoiar a igualdade de xénero e conseguir así que os centros sexan realmente coeducativos e respectuosos coa diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar; libres por tanto de prexuízos, sexismos ou homofobias.

Sabemos que no curso 2017-18 se activaron en 12 centros educativos galegos activaron o protocolo para garantir a igualdade. É probable haxa máis casos, segundo a presidenta de Arelas, a Asociación de Familias de Menores Trans, Cristina Palacios. Os casos das provincias de Ourense, A Coruña e Pontevedra, e

en concreto algúns orientadores/as puxéronse en contacto con ela para buscar asesoramento.

Dende En Marea compartimos a idea e a necesidade de promover un ensino laico e de calidade que integre a dignificación e o recoñecemento das diferentes opcións sexuais e a diversidade familiar, educando na liberdade para enfocar a vida persoal e sexual de cada quen, a través da visibilidade desta realidade diversa nas materias educativas, impulsando e apoiando aquelas producións culturais e didácticas que inclúan a realidade LGTBI para potenciar referentes positivos da homosexualidade, bisexualidade, transexualidade e intersexualidade, poñendo especial fincapé na súa divulgación nos centros de ensino infantil, medio e superior".

As docentes e os docentes teñen un papel importante para favorecer e promover entre o alumnado o respecto á libre orientación afectivo-sexual e a identidade de xénero. Profesoras/es e alumnos/as poden converterse en axentes activos de difusión. Sabemos que só desde o rexeitamento a todo tipo de acoso sexista e homofóbico, de non participación en situacións de acoso, de apoio e defensa das persoas violentadas, poderemos construírmos unha sociedade máis libre e mellor". As deputadas e deputados temos a obriga de instar á Consellería para que asuma a súa responsabilidade.

Na nomeada lei de Galicia, a Lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais, na súa disposición adicional, recóllese a información ao Parlamento de Galicia mediante a remisión dun informe sobre a aplicación desta lei con carácter trianual, por parte da Xunta de Galicia.

Pasados os tres anos este informe non se remitiu a día de hoxe e nin tan sequera consta que se estea elaborando.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 13:21
Nº Rexistro: 32640
Data envio: 20/06/2018 13:21:42.379

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Que fixo o Goberno por divulgar a realidade LGTBI e loitar contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, para dar a coñecer esta lei no ámbito educativo?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda,
Luca Chao Pérez,
Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/06/2018 13:11:59**

**Luca Chao Pérez na data 20/06/2018 13:12:05**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32646
Data envio: 20/06/2018 14:15:42.988

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno,** relativa a servizo de cafetería do IES de Elviña.

A Constitución recolle o dereito á educación e di que corresponde aos poderes públicos garantir o exercicio deste dereito en condicións de igualdade. Tamén recolle que é a Administración Pública, Xunta de Galicia, quen debe minimizar os obstáculos que impidan ou dificulten a igualdade real e efectiva.

Correspóndelle arbitrar as medidas oportunas para compensar as desigualdades de calquera índole; é dicir, que con independencia das situacións familiares, sociais ou económicas, todas as alumnas e alumnos teñan acceso á educación sen limitacións.

Para tal efecto, a Xunta de Galicia, publicou o Decreto 132/2013, onde se regula o servizo de comedor escolar como servizo educativo complementario e que di: *"A finalidade primeira perseguida dende sempre pola consellería competente en materia de educación coa xestión do servizo de comedor escolar foi dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias…… ademais de importante instrumento para a conciliación laboral e familiar".*

Enténdese que ninguén cuestiona ou pon en dúbida que o comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que presta a Administración e que contribúe a unha mellora da calidade da ensinanza. Ademais de cumprir unha función básica de alimentación e nutrición, desempeña unha destacada función

social e educativa, por iso, os comedores escolares deben estar integrados na vida e na organización dos centros educativos.

Tendo isto en conta é inexplicable que no mes de febreiro se anuncie, a través da web do centro educativo IES ELVIÑA, que se pecha o servizo de comedor; unha decisión levada a cabo sen sometela nin a debate no consello escolar; porque, si ben é certo que non incumpre ningunha normativa facelo deste xeito, non é menos certo que incumpre co principio básico de respecto cara a o resto da comunidade educativa, e dicir, respecto ás familias e ás alumnas e alumnos que tamén forman parte do centro.

A Concellaría de Educación di que non pecha ningún comedor porque non existía. Porén na cafetería do Instituto de Elviña comen unha media de corenta alumnas/os cada día lectivo; unha maioría, beneficiarias/os das becas comedor do Concello da Coruña.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que motivos xustifican o peche do servizo de cafetería no IES de Elviña?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 20/06/2018 14:09:55**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32646
Data envio: 20/06/2018 14:15:42.988

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/06/2018 14:10:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 17:56
Nº Rexistro: 32660
Data envío: 20/06/2018 17:56:01.442

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Segundo datos do Consello da Xunta de Galicia do día 3 de maio e relativos a un último Informe de Sogama, o traslado de lixo por ferrocarril foi, en 2017, do 45 % do total xerado. O Goberno galego fíxase o obxectivo de seguir a incrementar a dita porcentaxe e mover por ferrocarril 3,77 millóns de toneladas, o que permitirá aforrar 2.230 toneladas de emisións de CO2 anuais e as previsións para o futuro que ten o Goberno para o ano 2018 son chegar ao 55 % e avanzar nesta porcentaxe ata conseguir que Sogama mova por ferrocarril 3.750.000 toneladas de lixo durante os vindeiros 10 anos. O curioso é que este anuncio reproduce unha nova de “La voz de Galicia” (edición Carballo) de setembro de 2017, exactamente cos mesmos datos que agora se anuncian aos catro ventos en maio de 2018.

Tamén se detallaron no informe presentado os datos relativos á venda de enerxía, que no 2017 ascendeu a 512.013 MWh, un 4,9 % máis da obtida en 2016. E, de novo e por enésima vez, recolleu unha referencia á construción dunha planta de compostaxe industrial no vertedoiro de residuos non perigosos de Areosa, con capacidade para 15.000 toneladas anuais e coa que se espera producir arredor de entre 3.000 e 4.000 toneladas de compost de alta calidade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Se o 45 % do lixo se trasladou a Sogama por ferrocarril en 2017, en que se trasladou o 55 % restante?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2018 17:56
Nº Rexistro: 32660
Data envio: 20/06/2018 17:56:01.442



Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/06/2018 17:50:56**

**Raúl Fernández Fernández na data 20/06/2018 17:51:01**

**María Luisa Pierres López na data 20/06/2018 17:51:07**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32670
Data envío: 20/06/2018 18:44:42.879

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O pasado 24 de maio de 2018 o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) resolveu, de conformidade co disposto no artigo 156 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, declarar que as obras promovidas pola Asociación de Veciños "As Peniñas", executadas en solo rústico, sen autorización urbanística autonómica, nin plan especial, consistentes nunha construción en curso de execución, no lugar de Chousa do Medio-Vales, parroquia de Borrifáns, no municipio de Oza-Cesuras, non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

A Axencia ordena a demolición destas obras a costa do Concello de Oza-Cesuras, tras verificar no tracto sucesivo das transmisións do solo afectado que o titular actual do ben é o propio Concello. A demolición debe executarse nun prazo de tres meses, con advertencia de multas coercitivas e poñendo os feitos en coñecemento do Ministerio Fiscal aos efectos de esixencia das posibles responsabilidades penais.

Polo exposto, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

En que medida estas actuacións verificadas pola APLU poden afectar ao réxime de subvencións autonómicas das que o Concello de Oza-Cesuras poda ser beneficiario como entidade resultante dun proceso de fusión municipal?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/06/2018 18:32:01**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/06/2018 18:32:11**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2018 18:32:21**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32670
Data envío: 20/06/2018 18:44:42.879

Grupo Parlamentario

**María Luisa Pierres López na data 20/06/2018 18:32:25**

**Raúl Fernández Fernández na data 20/06/2018 18:32:29**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32676
Data envío: 20/06/2018 18:47:19.770

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

Unha das necesidades máis evidentes na loita contra as violencias machistas é a coordinación dos diferentes axentes que actúan coas mulleres vítimas destas violencias.

Unha das ferramentas que creou a actual Secretaría Xeral de Igualdade foron as mesas locais de coordinación. A constitución e consolidación destas é moi desigual segundo os concellos do noso país.

Temos que asegurarnos que esta é a ferramenta máis axeitada para a coordinación neste campo.

A coordinación non debería ser algo opcional, senón que debe ser imprescindible para a erradicación desta lacra.

Neste sentido aínda nos queda moito camiño por andar para chegar a unha comunicación fluída e funcional para todas as partes implicadas.

Polo exposto preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que actuacións de coordinacións se realizan dende o Goberno con estas mesas locais de coordinación?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Marcos Cal Ogando

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32676
Data envío: 20/06/2018 18:47:19.770

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 20/06/2018 18:43:04**

**Marcos Cal Ogando na data 20/06/2018 18:43:13**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32678
Data envio: 20/06/2018 19:01:29.785

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

# Á MESA DO PARLAMENTO

**Julia Torregrosa Sañudo, Luis Villares Naveira e Marcos Cal Ogando,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte ***PREGUNTA para a súa resposta oral en Pleno.***

Durante o día de hoxe, mércores 20 de xuño de 2018, foi detectado un vertido no río do Con ao seu paso polo centro urbano de Vilagarcía de Arousa. A enorme cantidade de vertido, xunto coa cor do mesmo ten provocado unha enorme preocupación na veciñanza e colectivos que viven da produtividade da ría de Arousa.

Neste momento descoñecemos a orixe do vertido, a compoñente do mesmo e que tipo de medidas se teñen adoptado para evitar os danos que o mesmo poida producir no medio ambiente e na saúde da veciñanza.

O río do Con desemboca na ría de Arousa que, como coñecen, contén valores medioambientais e produtivos de enorme relevancia que deberan ser protexidos fronte a este tipo de ameazas.

No día de onte coñecíamos o vertido a ría provocado pola avaría na estación depuradora de Ferrazo, hoxe enfrontamos unha nova ameza, sen que dende as administracións responsables se estean adoptando as medidas oportunas para evitar estes riscos. Lamentamos as agresións continuas que sofre a ría de Arousa e a falla de compromiso orzamentario e de control da administración incapaz de atallar esta preocupante situación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32678
Data envío: 20/06/2018 19:01:29.785

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno:**

- Que información ten a Xunta de Galicia sobre o vertido producido no día de hoxe no rio do Con en canto á súa composición, orixe e demais datos de interese para a cidadanía ?

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2018.

Asdo.: Julia Torregrosa Sañudo
Luís Villares Naveira
Marcos Cal Ogando
Deputada e deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 20/06/2018 18:58:22**

**Luis Villares Naveira na data 20/06/2018 18:58:34**

**Marcos Cal Ogando na data 20/06/2018 18:58:41**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 12:56
Nº Rexistro: 32693
Data envío: 21/06/2018 12:56:59.298

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez,** deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A loita contra os lumes debe darse desde unha perspectiva integral que contemple un cambio completo de modelo. Debemos centrarnos na ordenación do noso territorio e dos usos deste e na revitalización do rural, e deixar atrás unha política que está centrada só na extinción.

Pero, para acadar este fin, temos que conseguir que as traballadoras e traballadores que loitan contra os incendios forestais teñan unhas boas condicións de emprego. Polo tanto, deben mellorarse as actuais condicións laborais que padecen, xa que, en demasiadas ocasións, a precariedade marca a súa situación.

O servizo está en precario, entre outras cuestións, porque continúan sen cubrirse baixas e vacacións, o que dificulta a realización do traballo en condicións óptimas.

A solución para o servizo debe pasar por que este sexa único e público no 100%.

Recentemente tiveron lugar incendios no Carballiño, en concreto na Xesteira, e evidenciouse de novo a carencia de recursos e de persoal nas brigadas forestais que prestan servizos no distrito XI.

Este distrito atende as comarcas do Arenteiro e o Ribeiro e abrangue os concellos de O Carballiño, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo (Demarcación de O Carballiño I); Beariz, Boborás e O Irixo (demarcación do

Carballiño II); e Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Ribadavia (demarcación de O Ribeiro).

Ademais, debemos ter en conta que a área do distrito XI está declarada como Zona de Alto Risco de incendios forestais (ZAR) e varios concellos están incluídos nas Parroquias de Alta Actividade Incendiaria (PAAI).

A pesar disto, neste Distrito carécese da posibilidade de prestar un servizo continuado as 24 horas, e teñen que recorrer a reforzos en moitas ocasións.

Polo exposto, preséntanse as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

- Que valoración fai a Xunta de Galicia da situación do persoal que traballa contra os lumes forestais no Distrito XI?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo,

Davide Rodríguez Estévez,

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 21/06/2018 12:51:50**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 12:56
Nº Rexistro: 32693
Data envio: 21/06/2018 12:56:59.298

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

David Rodríguez Estévez na data 21/06/2018 12:52:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:00
Nº Rexistro: 32696
Data envío: 21/06/2018 13:00:40.235

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O 29 de decembro de 2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018, con carácter plurianual.

O obxecto da dita orde é establecer as bases reguladoras que rexerán a concesión das subvencións dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar as antigas vivendas de mestres, as doutros oficios e as demais edificacións da súa titularidade, co obxecto de que se destinen, en réxime de alugamento, á residencia habitual e permanente de unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples; e conta cunha dotación orzamentaria de reparto plurianual e 108.332 € para a anualidade 2018 e de 840.000 € para a anualidade 2019.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cal é a valoración que fai o Goberno galego dos resultados acadados?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/06/2018 18:37:21**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:00
Nº Rexistro: 32696
Data envío: 21/06/2018 13:00:40.235

Grupo Parlamentario

**María Luisa Pierres López na data 20/06/2018 18:37:30**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 20/06/2018 18:37:34**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 20/06/2018 18:37:44**

Partido dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32704
Data envío: 21/06/2018 16:20:49.811

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Fisterra, concello turístico de Galicia, recibe cada ano milleiros de visitantes. Recibe tamén visitantes do Camiño de Santiago. O seu porto é o lugar de maior actividade da vila e a súa lonxa supón un atractivo turístico máis. Non obstante, e dende Fisterra as reclamacións que se veñen realizando en relación co estado de conservación do espazo portuario: por un lado as varandas que están oxidadas, e polo outro o propio pavimento que dá acceso á entrada do porto, podendo ocasionar un problema de seguridade na zona.

Por iso a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Vai levar a cabo o Goberno galego as reparacións necesarias no porto de Fisterra, se for o caso, cando?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 21/06/2018 16:18:38**

**Julio Torrado Quintela na data 21/06/2018 16:18:50**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 17:03
Nº Rexistro: 32712
Data envío: 21/06/2018 17:03:12.233

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Non é a primeira vez que dende Fisterra teñen que tirar o longueirón, porque os peches decrétanse cando o marisco xa está en terra, despois de que os traballadores pasasen tres horas no fondo do mar, traballando, incluso cando xa se realizase a venda. Os mariscadores están convencidos que unha vez devolto ao mar, este marisco morre. Pero esta vez, a paciencia esgotouse, os mariscadores láianse que unha vez máis, cando xa está realizado todo o traballo, e a pesar de ter recibido o *visto previo* previo, neste caso concreto o mércores 13 de xuño, o xoves 14 pasadas as 20.00 horas recibiron o aviso para tirar ao mar a captura, xa que na zona de traballo detectárase a presenza dunha toxina ou contaminante artificial. E así, pechada, permanece hoxe a ría de Corcubión, na zona I Corcubión- Fisterra.

O motivo polo cal se produce o peche do longueirón non é debido á existencia de toxina, xa que nin tan sequera había mostra. Foi debido á existencia dun positivo de toxina no berberecho. Desde a confraría tratouse de achegar mostras de longueirón ao laboratorio, para que se puidese comprobar o seu estado, pero non obstante, non foron aceptadas. Polo que debe quedar claro que as persoas mariscadoras non se negan a entregar mostras, senón todo o contrario.

Á finais de maio ocorrería algo similar en Camariñas, chegou a orde de peche da zona de traballo cando pecharon ás 20.00 horas, co marisco xa vendido, tivérono que tirar ao mar.

Está claro que o protocolo non funciona correctamente e como consecuencia os mariscadores están sufrindo graves inconvenientes, que van máis alá do meramente económico. Faise preciso revisalo en profundidade, determinar que está fallando e como se pode solucionar, de xeito que esta cadea de despropósitos deixe de se producir. E para determinar estas cuestións é preciso contar coas persoas afectadas, escoitalas e tratar de comprendelas.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 17:03
Nº Rexistro: 32712
Data envío: 21/06/2018 17:03:12.233

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Que valoración fai o Goberno galego dos reiterados e graves inconvenientes que están a causar ás persoas mariscadoras na zona descrita?

Pazo do Parlamento, 20 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

**María Dolores Toja Suárez na data 21/06/2018 17:02:05**

**Julio Torrado Quintela na data 21/06/2018 17:02:17**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 17:12
Nº Rexistro: 32715
Data envío: 21/06/2018 17:12:21.967

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A tuberculose bovina (TB) e unha enfermidade crónica dos animais provocada por unha batería chamada *Mycobacterium bovis (M. Bovis)*, que garda estreita relación coas bacterias causantes das tuberculose humana e aviaria.

O nome de *tuberculose* provén dos nódulos, chamados t*ubérculos*, que se forman nos ganglios linfáticos do animal afectado.

A detección dun caso de tuberculose bovina -en xuño de 2016- nunha explotación de vacún, na contorna da serra da Capelada, a Consellería do Medio Rural determinou considerar todo o concello de Cedeira como un foco de infección desta enfermidade. Despois de moitos meses durante os que as explotacións son sometidas a rigorosos controis veterinarios e despois de levar sacrificado arredor de 70 animais, sen que se confirmase ningún novo caso positivo, continúan bloqueados ou semibloqueados no mellor dos casos. Hai explotacións que levan pasando 7 controis de saneamentos nos dous derradeiros anos dando estes controis negativo e continúan bloqueadas parcialmente.

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Que tipo de medidas esta á adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose na contorna da serra da Capelada?

Pazo do Parlamento, 21 de xuño de 2018

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Grupo Parlamentario

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 21/06/2018 17:09:18**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 21/06/2018 17:09:31**

Partido dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 10:52
Nº Rexistro: 32762
Data envío: 25/06/2018 10:52:34.487

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás necesidades de aumento de prazas de comedor escolar do CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo no concello de Carballiño.

Recentemente o Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da problemática existente no CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo no concello de Carballiño por mor da insuficiencia de prazas de comedor escolar.

O pasado 19 de xuño foron publicadas as listaxes de alumnado admitido para o servizo de comedor escolar así como o estabelecemento dun prazo de cinco días para reclamacións. Como resultado desta primeira baremación pode observarse que ficaron sen praza ata un total de 42 nenos e nenas, un número altísimo que evidencia a absoluta insuficiencia das prazas actuais e que precisa de medidas extraordinarias na procura dunha solución por parte da Xunta de Galiza.

Desde o Bloque Nacionalista Galego tivemos coñecemento das críticas emitidas pola Asociación de Nais e Pais de Alumnos Xornada Digna do CEIP Calvo Sotelo de Carballiño quen indican a gravidade desta situación para a organización de moitas familias no plano laboral e persoal e que mesmo terán que renunciar a postos de traballo ou a ter as súas crianzas neste centro, ocasionando cambios e consecuencias lesivas que serían evitábeis se a Xunta de Galiza corrixira a infradotación de prazas de comedor.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 10:52
Nº Rexistro: 32762
Data envio: 25/06/2018 10:52:34.487

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos recordar que o servizo de comedor é fundamental para axudar ás familias na conciliación, máis aínda nunha poboación onde hai moitos usuarios e usuarias de transporte escolar que veñen de alén do núcleo máis urbán. Dentro da defensa do sistema público de ensino é fundamental avanzar cara unha organización escolar que facilite que o alumnado escolarizado no ensino público de Galiza teña dereito a facer uso do servizo de comedor escolar. Polo tanto, urxe que a Xunta de Galiza arbitre medidas extraordinarias para evitar a gran problemática e grave discriminación que suporía deixar sen atención de comedor escolar a máis de corenta familias.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabou ou vai levar o goberno galego para evitar que un gran número de familias fiquen sen prazas de comedor no CEIP Plurilingüe Calvo Sotelo no concello de Carballiño?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 10:52
Nº Rexistro: 32762
Data envio: 25/06/2018 10:52:34.487

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2018 10:48:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2018 10:48:19**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2018 10:48:21**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/06/2018 10:48:22**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2018 10:48:24**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/06/2018 10:48:25**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:43
Nº Rexistro: 32769
Data envío: 25/06/2018 11:43:41.972

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á situación do sector do biodiésel en Galiza e as actuacións que debe levar a cabo o goberno galego para o mantemento dos empregos e a innovación tecnolóxica.

Inevitabelmente, o futuro do sector enerxético en Galiza dependerá das políticas que se desenvolvan por parte Xunta de Galiza, mais tendo en conta tamén as decisións que se tomen tanto por parte do ámbito correspondente ao Goberno Central así como da Unión Europea. Polo tanto, son fundamentais as decisións propias de cara a posicionar Galiza de cara ao futuro diante dos cambios que poden ser postos en marcha no ámbito estatal e internacional, xa que condicionarán de maneira determinante a capacidade de Galiza de se adaptar e desenvolver de forma óptima a súa necesaria transición enerxética.

Para prepararse cara este escenario, Galiza debe apostar pola produción propia e diversificada de enerxía así como pola investigación a prol da sostibilidade. Neste sentido, un dos eidos aos que cómpre atender é o da produción de biodiésel. Un sector que nestes momentos ten sido reducido de forma importante ao tempo que no período de crise non foi obxecto de desenvolvemento dunha estratexia investigadora e innovadora que aproveitara as súas potencialidades para o aproveitamento enerxético.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:43
Nº Rexistro: 32769
Data envio: 25/06/2018 11:43:41.972

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación de paralización ou baixa produción das plantas de biodiésel galegos, especialmente na comarca de Ferrolterra, ten orixinado iniciativas parlamentares do BNG. Sen ir máis lonxe, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 6 de xuño de 2013, adoptou os seguintes acordos canda outras cuestións referentes ás demandas ao goberno central diante da a Directiva europea 2009/28/CE.:

1. Impulsar, no marco das súas competencias, a recollida selectiva de aceites vexetais usados segundo as previsións do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020. Para este fin en colaboración cos concellos, traballarase na sensibilización da reciclaxe de aceites de frituras.

2. Potenciar a investigación na obtención de biodiésel de segunda xeración a partir de materia prima non alimentaria.

3. Facilitar a participación das empresas de biodiésel en proxectos de investigación.

Porén, unha vez máis, o esforzo do goberno galego foi inexistente, nomeadamente a respecto dos compromisos pendentes canto a investigación e innovación. Recentemente, as novidades desde o ámbito europeo canto aos aranceis e canto á progresiva e futura eliminación do aceite de palma da elaboración industrial sitúan de novo esta industria no foco e o momento que se está a vivir debe ser aproveitado pola administración galega para desenvolver unha planificación estratéxica e de adaptación da planta que fica en Galiza, Masol, que conta con instalacións e un cadro de persoal experimentado e que podería ser referente de investigación e produción innovadora pola súa situación estratéxica e pola forte potencialidade económica ao tempo que podería dinamizar unha comarca con dificultades socioeconómicas como é Ferrolterra.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:43
Nº Rexistro: 32769
Data envío: 25/06/2018 11:43:41.972

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Máis aínda, en pleno debate político e institucional arredor da transición enerxética é preciso poñer en valor e explorar as posibilidades destas plantas tamén desde o punto de vista da produción de combustíbeis máis sostíbeis e do aproveitamento de refugallos, ao que cómpre engadir as posibilidades en relación con outro tipo de industrias relacionadas con sectores como o farmacéutico, alimentario ou da industria química mediante a obtención dalgúns dos subprodutos que se poden obter.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego diante dos obxectivos europeos acordados en xuño de 2018 a respecto do horizonte de renovábeis e eliminación do aceite de palma?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 11:43
Nº Rexistro: 32769
Data envío: 25/06/2018 11:43:41.972

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 25/06/2018 11:36:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 25/06/2018 11:36:55**

**Ana Pontón Mondelo na data 25/06/2018 11:36:57**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 25/06/2018 11:36:59**

**Olalla Rodil Fernández na data 25/06/2018 11:37:02**

**Xosé Luis Bará Torres na data 25/06/2018 11:37:03**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 13:16
Nº Rexistro: 32780
Data envío: 25/06/2018 13:16:50.706

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

No DOG Núm. 66 o xoves 5 de abril de 2018 resolvíase e publicábase a formalización dos contratos do servizo de limpeza dos servizos administrativos da Xunta de Galicia, dividido en 3 lotes adxudicados dous deles á mercantil GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L. por un importe de 13.080169,79 euros.

Esta contrata conta no seu cadro de persoal con 113 mulleres e 17 homes. Estes limpan os cristais e cobran un plus de perigosidade, penosidade e toxicidade sexa cal sexa a zona a limpar e cando acadan unha idade ascenden a peóns especialistas.

As mulleres, pola contra, non teñen ningún complemento aínda que teñan que realizar limpeza en altura, como en estantes, sexan responsables das chaves dos despachos, baleiren as papeleiras e limpen en xeral. Todas elas son peóns sen posibilidade de ascenso, independentemente dos anos de antigüidade e da súa idade.

Estamos ante un exemplo palpable de como en contratos celebrados polas administracións públicas e sociedades mercantís se dá e é visible e patente a crueldade da fenda salarial. Unha discriminación en termos de igualdade intolerable, que non se pode obviar, e que mostra o fácil que é relegar as tarefas das mulleres a un terceiro, cuarto e quinto plano, aínda que impliquen grandes

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 13:16
Nº Rexistro: 32780
Data envio: 25/06/2018 13:16:50.706



responsabilidades como a protección dos datos que poda haber nas papeleiras e que elas custodian con grande dilixencia, e a responsabilidade de abrir, limpar e fechar despachos, entre outras, ademais de limpar escrupulosamente. Ademais, a falta de cobertura das baixas aumenta a carga de traballo do persoal.

As Administracións públicas son as primeiras que deberan ter presentes as diferentes normas existentes en materia de igualdade que amparan as mulleres e os seus dereitos en igualdade de condicións con respecto aos seus homólogos masculinos.

Así , o establecemento dos pluses que non se contemplan para elas, sendo que traballan cos mesmos produtos químicos, realizan traballos en altura, manexan inxentes cantidades de auga en caldeiros, e teñen as mesmas posibilidades de lesións debido ao manexo de ferramentas e posicións posturais polas tarefas repetitivas que son inherentes ao seu traballo, lesións nas mans, pernas, costas, caídas, etc... e que si que se contemplan para os homes, son unha clara vulneración deste principio de igualdade.

A diferencia no soldo que non se percibe polos ascensos acada a cifra de 1500 euros anuais, máis do dobre do salario mínimo interprofesional mensual para o ano 2017, cifra que aumenta en 900 euros máis para o caso de sumar só o complemento de perigosidade.

Polo exposto, a Deputada e Deputado que subscriben, preguntan á Xunta:

- Vai a Xunta deixar de contratar servizos con empresas que manteñen a fenda salarial entre homes e mulleres?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 25/06/2018 13:13:06**

**Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 13:13:17**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2018 13:54
Nº Rexistro: 32785
Data envío: 25/06/2018 13:54:22.987

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Marcos Cal Ogando e Luís Villares Naveira** deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno.**

Durante o presente ano, a Xunta de Galicia, concretamente o departamento de Turismo, ven realizando unha intensa campaña de promoción exterior, da oferta para a práctica da bicicleta de Montaña BTT en Galicia. Así a Xunta está a promocionar a oferta relacionado cos catro centros de BTT cos que contamos en Galicia. O Salnés, Portas de Galicia, Ribeira Sacra e Serra do Xurés.

O problema ven cando a realidade trunca a propaganda do Partido Popular na Xunta de Galicia, realidade exposta por numerosos usuarios deste centros, que logo de gastar as subvencións e orzamentos dos proxectos, son directamente abandonados e a día de hoxe presenta un aspecto lamentable.

A información da Xunta sobre estes espazos indica que existen centros de acollida, servizos de aluguer de bicicletas, limpeza, sinalización e rutas convenientemente trazadas, a realidade que atopan os usuarios é camiños ocupados pola maleza por falta de mantemento e desbroze, que os trazados apenas son perceptible ou que apenas existe sinalización que permita seguir a ruta. Un Exemplo a ruta que parte de Luíntra que a día de hoxe contén postes caídos, sinalizacións ilexible, árbores caídas sobre o trazado, e un largo etcétera de despropósitos.

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto os deputados asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cal é o motivo da falta de mantemento e a situación actual deste interesante proxecto que permitiría diversificar a nosa oferta turística e de ocio?

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Marcos Cal Ogando na data 25/06/2018 13:51:23**

**Luis Villares Naveira na data 25/06/2018 13:51:31**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envío: 21/06/2018 13:24:40.517

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Á Mesa do Parlamento**

**Paula Prado del Río, Gonzalo Trénor López, Martín Fernández Prado, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, María Julia Rodríguez Barreira, Jacobo Moreira Ferro, María Antón Vilasánchez, Diego Calvo Pouso, Marta Nóvoa Iglesias** e **Jaime Castiñeira Broz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo, 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno,** polo trámite de **urxencia.**

**Xustificación da urxencia**

A urxencia ven motivada pola situación de alarma social que está a xerar entre os veciños e veciñas de Teo a solicitude de autorización ao Concello, dunha planta de tratamento e reciclado de residuos composta por unha planta de biogás agroindustrial, unha instalación de procesado de dixestatos e produción de fertilizantes, nunha zona residencial de vivendas.

O pasado mes de outubro de 2017, a empresa Toca y Salgado (TOYSAL), S.L. presentou no Concello de Teo un proxecto e solicitude de autorización para a posta en funcionamento na antiga canteira de Camilo Carballal, en Casalonga, Teo, unha planta de tratamento e reciclado de residuos composta por unha planta de biogás agroindustrial, unha instalación de procesado de digestatos e produción de fertilizantes.

Igualmente ten solicitado perante a Xunta de Galicia a autorización ambiental integrada para a instalación dun centro de tratamento de residuos non perigosos na canteira Casalonga número 6.996, no Concello de Teo.

O proxecto presentado consiste na implantación dunha planta de tratamento de residuos non perigosos procedentes da industria agroalimentaria mediante unha

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

biodixestión e tratamento e concentración dos dixestatos para elaboración de fertilizantes orgánicos. O proceso produtivo prevé o tratamento de 90.000 t/ano de residuos que proveñen de lodos de depuradoras, de industrias agroalimentarias, esterco, puríns e outros tipos de residuos industriais. Esta actividade podería ser susceptible de xerar molestias no entorno, polo que xa se está a producir unha forte contestación social e oposición frontal dos veciños e veciñas dunha zona eminentemente residencial e non industrial nin agrícola.

Así mesmo, cabe destacar que a localización da planta de residuos está ubicada a moi poucos metros de espazos  de especial protección patrimonial como o Camiño de Santiago, os Castros de Socastro e de Francos, dos petroglifos, mámoas e outros xacementos medievais.

A actividade da instalación proxectada está sometida ao procedemento de autorización ambiental integrada *en aplicación do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (RDL 1/2016, do 16 de decembro)*, e sometida ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinario conforme ao establecido na *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*. Neste marco procedimental, o Concello tivo e terá oportunidade de pronunciarse sobre a admisibilidade do proxecto en tres ocasiones:

- Có informe de compatibilidade urbanística que o promotor solicitou con carácter previo ao inicio do procedemento ambiental, sen que conste que o ente local emitise dito informe ate a data, coa particularidade de que a emisión polo Concello deste informe urbanístico  antes da resolución do procedemento en sentido negativo daría lugar ao arquivo fulminante do expediente sen outorgamento da autorización.
- Coa eventual resposta á consulta a efectuar no trámite de participación pública a efectos da avaliación de impacto ambiental.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

- Có informe preceptivo sobre a adecuación da instalación a todos aqueles aspectos que sexan de competencia municipal.

Hai que ter en conta que, tras a aprobación polo Consello da Xunta do 22 de decembro de 2016 do Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (PRIGA) 2016-2022, este documento constitúe o marco legal e folla de ruta no que se deben desenvolver as actividades de xestión de residuos industriais. Por iso, á hora de proxectar, executar e xestionar unha instalación de tratamento de residuos, debe terse en conta o establecido ao respecto no Plan.

O PRIGA, inclúe un anexo específico sobre os criterios de situación para a identificación do emprazamento e sobre a capacidade das futuras instalacións de xestión. A localización no territorio de instalacións relacionadas coa xestión de residuos debe estar en consonancia cos instrumentos de planificación do territorio, tomando como base criterios técnicos, ambientais, sociais e de facilidade de xestión.
Por iso, deben terse en conta os seguintes criterios xerais de localización das instalacións de tratamento de residuos, entre outros, que:

As instalacións de xestión, preferentemente, localizaranse en polígonos industriais ou en emprazamentos onde a actividade xere o menor impacto sobre a calidade do aire.

Así mesmo respecto da distancia a núcleos de poboación e outras actividades e servizos, a localización proposta debe garantir a compatibilidade da nova infraestrutura cos usos existentes e a contorna, mediante a aplicación das medidas correctoras que se requiran.

A empresa polo tanto, de cara á obtención da solicitude de autorización, ademais de obter os informes preceptivos de compatibilidade urbanística, do órgano competente en

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envío: 21/06/2018 13:24:40.517

minas (o proxecto localízase nunha antiga canteira), augas, patrimonio natural e cultural, entre outros, deberá xustificar a súa adecuación aos criterios de emprazamento do PRIGA e obter unha Declaración de Impacto Ambiental favorable que garanta a súa compatibilidade co medio, tendo en conta o seguinte:

- O proxecto emprázase fóra dun polígono industrial.
- Que a zona na que se pretende ubicar a planta de tratamento de residuos está próxima a un núcleo de vivendas de uso residencial e non de uso agrario ou industrial.
- Os usos existentes na contorna.

- A localización da planta de residuos está situada a moi poucos metros de espazos de especial protección patrimonial como o Camiño de Santiago, os Castros de Socastro e de Francos, dos petroglifos, mámoas e outros xacementos medievais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Ten trasladado o Concello de Teo á Xunta de Galicia algún tipo de informe en relación a este proxecto para instalar unha planta de tratamento de residuos en Casalonga, Teo?

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510  F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 13:24
Nº Rexistro: 32698
Data envio: 21/06/2018 13:24:40.517

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado Del Río na data 21/06/2018 13:22:18**

**Gonzalo Trenor López na data 21/06/2018 13:22:28**

**Martín Fernández Prado na data 21/06/2018 13:22:37**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 21/06/2018 13:22:48**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 21/06/2018 13:22:56**

**Jacobo Moreira Ferro na data 21/06/2018 13:23:06**

**Maria Antón Vilasánchez na data 21/06/2018 13:23:16**

**Diego Calvo Pouso na data 21/06/2018 13:23:24**

**Marta Novoa Iglesias na data 21/06/2018 13:23:33**

**Jaime Castiñeira Broz na data 21/06/2018 13:23:41**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727